

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION ORDINARIA (outubro) DO 7 DE NOVEMBRO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Jácome Enríquez, Xosé Lois

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día sete de novembro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Lago Rey, López Barreiro, López

Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros, iniciamos o Pleno nº 14, sesión ordinaria, convocado por orde do día de 2 de novembro que obra no poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(173).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 29.08 E ORDINARIA (AGOSTO) DO 5.09.2016.

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión extraordinaria do 19.08 e ordinaria (agosto) do 5 de setembro de 2016.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

ORZAMENTOS E FACENDA

2(174).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRES DO 2016, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 33/143 (1445/1101)

ANTECEDENTES: A director superior contable e orzamentación por escrito de data 11 de outubro de 2016, informa do que segue:

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2016, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao terceiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2016.

Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2016, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade e do Organismo Autónomo, así como o consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gasto e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local, organismo autónomo e consolidados a 30/09/2016.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

Estado dos períodos de pago do terceiro trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014.

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión do 24 de outubro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: De novo en cumprimento da base terceira do orzamento vixente para este exercicio 2016, comparezo para aportar os datos de execución do orzamento pechados a 30 de setembro do 2016, tanto na entidade como na Xerencia Municipal de Urbanismo.

Hai que sinalar que a execución do Orzamento segue a súa marcha, unha boa marcha, unha velocidade de cruceiro fenomenal, porque estamos afastados de tensións políticas como as que suceden no resto do Estado no que se temos en conta que o Ministerio de Facenda pecha o orzamento en xullo do 2016 e que a Xunta de Galicia tamén anticipa o peche do exercicio a novembro, estamos nunha execución ordenada e que comprende todo o ano a diferenza de esas outras administracións.

O importe total de pagos feitos ata o de agora, ascende a 141 millóns de euros sobre un total de 173 millóns de euros comprometidos.

Hai que sinalar de novo, que no capítulo IX, o que se refire aos pasivos financeiros,

á débeda, xa que estamos nunha situación de débeda cero, está executado ao 100% posto que non hai movementos, débeda cero polo tanto, execución ningunha, o mesmo que o capítulo III do Orzamento de gastos posto que non se pagan intereses, xuros, a bancos debido a esta situación de débeda cero polo tanto, de solvencia económica plena por parte deste Concello de Vigo.

Polo que se refire ao capítulo I de persoal, a execución está nun 65% cun total de 44 millóns de euros abonados.

No capítulo II que é o que recolle as principais accións do goberno, a execución está nun 58% do Orzamento, destacan algunhas partidas como o pago de servizo de mobilidade, os bono bus que están nuns 9 millóns de euros, ou partidas tamén que están noutros capítulos como as das liñas aéreas para promocionar o bo funcionamento do Aeroporto nesta cidade.

No ámbito educativo, nas políticas sociais que destacan neste Goberno non ámbito educativo se satisfizo tamén o pagamento das becas de estudos internacionais, esas bolsas que permiten que centos e centos de vigueses/as da mocidade de Vigo, viaxe para aprender un idioma, neste caso inglés, a outro país.

Tamén se satisfizo neste trimestre a limpeza dos colexios por un importe 1,6 millóns de euros, para adecuar os colexios ao inicio do curso escolar.

No ámbito do deporte tamén destaca a realización e o pagamento dos campamentos de verán e as escolas deportivas, así como os monitores das piscinas municipais e o desenvolvemento do programa “camiña a camiño”.

No ámbito estritamente da política social, o programa de menores tamén viu cumprida a seu pagamento con 359.000 euros, o servizo de Axuda no Fogar, servizo único e característico deste Concello, tamén por un importe de 2 millóns de euros, o Albergue e tamén o pagamento ás familias que necesitan axuda polos desafiuzamentos, por un importe de 599.000 euros.

Tamén hai que destacar nesta política social o pago das becas de comedor para os distintas colexios da xeografía viguesa por un importe de máis de 600.000 euros pagados neste trimestre.

Segue en marcha tamén os programas de emprego con máis dun millóns de euros comprometidos para pago e por suposto seguimos pagando servizos básicos que precisa a cidadanía, neste terceiro trimestre do ano destaca o pagamento do canón a Sogama, pola reciclaxe da vasoira, por importe de 5,6 millóns de euros, polo

tanto, importes cuantiosos, seguimos nese sentido.

Tamén continúa a execución do programa de investimentos con 5,2 millóns de euros comprometidos e o desenvolvemento do programa de Arte Urbano, popularmente coñecido como “medianeiras”. Polo tanto, unha execución normal do Orzamento.

No que se refire aos ingresos estamos tamén nunha recadación líquida no exercicio corrente de 108 millóns de euros, dos cales 52 se refiren a ingresos tributarios, tendo en conta que o prazo de pago dos principais tributos rematou o venres pasado, o 4 de novembro, polo tanto a maioría dos ingresos tributarios desta Corporación ingrésanse neste último trimestre do ano. O que temos nestes ingresos é a achega dos ingresos do Estado, por certo, mentres non baixe mantense este ano, digo non baixe porque a reforma fiscal do Partido Popular fará que a participación dos ingresos do Estado baixe non vindeiros anos.

Por último, sinalar que no que refire a Tesourería, o saldo de Tesourería é de 52 millóns neste terceiro trimestre do ano, o cal permite afrontar con solvencia o prazo de pago a provedores, este é un dos motivos polos que a solvencia económica deste Concello permite cumprir como ningún outro concello co prazo de pago a provedores.

PRESIDENCIA: Antes de dar paso á quenda de grupos, quería saudar aos alumnos/as de primeiro de Asistencia de Dirección do Centro de Formación Profesional Aloya.

SR. PÉREZ CORREA: Moi brevemente, nós temos unha certeza e é que cremos que si hai, as tensións políticas do Estado nos afectan como Concello, e nos afecta entre outras cousas porque existe unha lei, un acoso e derribo do Ministro o Sr. Montoro aos Concellos non só á hora de elaborar os orzamentos senón tamén a esa pulsión que sistematicamente teñen moitos concellos por dar superávit para poder levar adiante os capítulo de investimentos, polo tanto, nós pensamos que este Concello incluso debería ser algo sedicioso como está sendo o Concello de Madrid, o concelleiro o Sr. Sánchez Mato que decidiu contra esa lei absolutamente antidemocrática, confrontar en materia orzamentaria, porque moitas veces seguir a lei ou seguir o librillo do ministro o Sr. Montoro non debería ser un mantra que

repiteamos absolutamente. Nós aquí queremos poñer precisamente algunhas das cuestións que pensamos que en materia de execución orzamentaria están facendo que este Concello siga o librillo do Sr. Montoro e dende logo siga o librillo que non é a senda política da esquerda, salvo que ese novo noivado entre o Partido Popular e o Partido Socialista signifique que en materia orzamentaria imos asumir tamén as políticas do Partido Popular. E por que o digo? Porque o ano pasado había unha felicitación tremenda do grado de execución do Orzamento, dicíase que funcionábase a ritmo de cruceiro, dicíase que estábamos nunha execución orzamentaria envexable e agora parece unha execución orzamentaria á altura do mesmo mes do ano pasado, unha execución orzamentaria sensiblemente menor, que si é certo que contra o final de ano seguramente se acelerarán gran parte das execucións pero outras non, porque creo que é a estratexia de seguir dando superávit para poder acometer os plans de investimentos, creo que algo asumido por este goberno local e dende logo confronta bastante co que ten que ser unha política orzamentaria progresista, pero se se vai seguir por esa senda, se vai tentar que este ano volvamos a dar tamén máis de 20 millóns de euros de superávit, pois seguramente as cuestións que se poñen enriba da mesa con esta execución orzamentaria terá o seu razoamento, dende logo non é un razoamento da esquerda política e da esquerda social, e digo, porque se estamos nun grado de execución que apenas supera o 55%, no ano pasado á altura deste trimestre coa presentación do mesmo informe estábamos por enriba do 60% a aí alguén nos terá que explicar se antes íamos a unha velocidade de cruceiro pois seguramente oiremos a velocidade da vela auxiliar, creo que parte das cuestións que moitas veces hai facer comparando os exercicios anteriores. Por que o dicimos? Porque hai cuestións que para nós nos parecen absolutamente curiosas e que dende logo poñen enriba da mesa que moitas veces faise unha política de propaganda e anuncia en prensa con respecto ás partidas, e logo nos atopamos coa crúa realidade.

Vostedes dixeron ou quixeron meter unha partida importante no capítulo VI de investimentos reais, asumiron unha parte da liquidación da débeda, sego pensando que 7 millóns de euros para amortizar intereses bancarios de 200.000 euros en catro anos é desperdiciar recursos públicos, poderíamos ter asumido perfectamente a débeda deste Concello nos exercicios fiscais seguintes, e non desperdiciar un bloque de sete millóns de euros que nos viría moi ben para

algúnhas partidas sociais e para algúnhas partidas importantes de creación de emprego. Pero que vostedes decidiron pasar de 9 nove millóns de euros que estaban inicialmente postos como investimentos reais, a meter 14 millóns de euros máis, cousa que nos parece ben, outra cousa é de onde veñen eses 14 millóns de euros que é do superávit, seguimos pensando que o superávit moitas veces é non executar partidas e algúnhas delas as puxemos enriba da mesa como promoción turística e outras significativas, co cal temos 24 millóns de euros de execución nos investimentos, perfecto, pero a data do 30 de setembro e hai executado un 9,28% deses 24, se vostedes deciden utilizar o superávit para os investimentos, díganos como pode ser que so estea executado o 9%? a menos que esa partida volva dar superávit este ano e ó ano seguinte volvamos metelo nas cuestións de investimentos.

É certo as limitacións que nos poñen as políticas do Estado en materia de empregar recursos para investimentos reais, pero dende logo 24 millóns de euros, executar ao menos de dous meses de finalización do ano de 24 millóns, ter executados a penas dous millóns, pois significa que se pon nun orzamento unha cuestión que logo non se executa.

Polo tanto, nós seguimos pensando que hai que facer política orzamentaria real e que cando se fai un anuncio dun investimento ou un anuncio como pode ser o aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro, que finalmente os veciños vexan proactivamente que esas partidas...

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Aneiros, sinceramente, despois de escoitalo creo que vive vostede noutra cidade, pero dende logo en Vigo non está a vivir nin está a avaliar exhaustivamente os datos da súa execución presupostaria nos nove primeiros meses do ano. Sinceramente Sr. Aneiros, só hai unha palabra que lle veña a un á cabeza cando ve estes datos de execución baseados en nove meses do ano, e é absoluta parálise deste goberno municipal.

Os datos son contundentes, demoledores diría eu, por certo teño que dicirlle ao señor voceiro da Marea de Vigo que ogallá o goberno municipal seguira o manual do Sr. Montoro porque entón polo pronto baixaría os impostos a tódolos vigueses e non llos subiría que é exactamente o que está a facer este goberno municipal, subirlle os impostos a tódolos vigueses/as. Pero despois de transcorridos nove

meses de Orzamento, non se me alteren que as verdades sei que doen moito, teríamos que estar un 75% e non chegamos nin ao 55%, se ano pasado xa era malo e vostede nos prometía o 100% de execución que despois incumpriu, como puidemos ver, e se deixaron de gastar 22 millóns de euros, este ano non sei onde íamos parar, non sei cantos cartos van deixar vostedes sen gastar no Orzamento do ano. O que pasa que eses cartos é o que recadan vostedes dos vigueses que pagan puntualmente os seus impostos, para que? Non para ter mellores servizos, porque vostedes non lle están a dar mellores servizos, senón para ir embolsando ese remanente que teño que dicirles que é vergoñento que xa chegue a 50 millóns de euros porque xa hai 50 millóns de euros de dereitos recoñecidos que non foron capaces de xerar obrigas e de facer actuacións para tódolos vigueses/as, porque a realidade é que temos un goberno paralizado, que non é capaz de facer absolutamente nada, de levar adiante nin unha soa política, este é o primeiro ano do flamante goberno de 17 concelleiros e resulta que nos atopamos que imos máis lentos que nunca.

Teñen tódalas obras sen facer, nin sequera as adxudicaron no mes de setembro, nove meses e non foron capaces de adxudicar as obras de humanización, teñen as partidas destinadas ao emprego todas practicamente por executar, teñen vostedes os contratos importantes do Concello, Sr. Regades, por favor lle pido respecto a esta voceira que está a falar.

Os contratos importantes do Concello téñennos paralizados xa se converteu en regra xeral que vostedes os tribunais lles obriguen a parar e a volver a empezar, como se foran nenos pequenos, é vergoñento o contrato da hora, os contratos do aparcadoiro da praza de Portugal, o contrato de aparcadoiro da Porta do Sol, todo, houbo que parar e volver a empezar porque non son vostedes capaces de sacar adiante nin un só proxecto en condicións. Da construción do aparcadoiro municipal Álvaro Cunqueiro xa falaremos nunha moción específica, outro desastre, Balaídos, tarde, mal e arrastras os parques e xardíns, mellor non pasearse por Vigo e ver como están os parques e xardíns desta cidade por outro desastre desta cidade.

As ordenanzas non son capaces vostedes de traer ningunha, onde está a ordenanza de terrazas que era inminente hai seis meses Sr. Font? Aínda estamos a esperar por ela.

En política social, mellor nin falar, con persoas desafuzadas nesta cidade e

vostedes mirando para outro lado.

En definitiva, Sr. Alcalde, o seu goberno é unha absoluta calamidade para tódolos vigueses/as, claro presumen vostedes tanto de cantidade, de 17 concelleiros, e o que lles falta é calidade porque claro temos a un Alcalde que pasa a metade do tempo en Madrid preocupado pola política nacional e por propoñer secretarios xerais de Andalucía, en vez de propoñer secretarios xerais para o Partido Socialista galegos e de Vigo, temos unha primeira tenente de Alcalde que está moi ocupada coas súas actuacións como Presidenta da Deputación de Pontevedra. Temos uns concelleiros, un segundo tenente de Alcalde que tamén está máis na Deputación que no Concello de Vigo e así nos vai a tódolos vigueses/as.

Recoméndolle que se baixen un pouco máis do coche oficial que vai de Pontevedra a Vigo e que vexan a realidade que están a padecer tódolos vigueses e tódalas viguesas.

O problema é que teñen vostedes unha absoluta capacidade de xestión, pois si ía en autobús, dez anos a Santiago de Compostela ida e volta, levantábame as 5,30 horas da mañá, creo que esa hora vostede non a coñece nin a viu nunca, Sr. Font, o problema real para os vigueses é que vostedes se alteran tanto porque o que se pica allos come, traballen, traballen e traballen, porque non están a traballar por Vigo porque os servizos son deplorables e porque xa é hora de que se note que hai un goberno na cidade, ata agora desaparecido.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que sorprende ver á Sra. Muñoz falando destas cousas, pero hai que dicirlle que a vive noutro país é vostede. Dúas cousas moi sinxelas que seguro que as vai entender, reforma fiscal do Partido Popular, baixada xeneralizara de impostos, igual a recortes, igual a pechar o exercicio presupostario 2016 no ámbito central en xullo de 2016, é irrefutabile. Tesourería, para que se usen os 52 millóns que temos en Tesourería no terceiro trimestre Sra. Muñoz? Utilízanse para pagar as obrigas que ten este Concello de Vigo, cumpre como ninguén, que quere dilapidar o patrimonio deste Concello? É o que quere? Porque vostedes non din, baixen impostos que queremos recortar máis, queremos favorecer aos amiguetes, queremos que o sector privado creza, dígao claramente. Tesourería, quere cargarse a Tesourería, dígao claramente, porque a Tesourería non é algo que non se use, usase precisamente para cumprir coas obrigas.

O librillo do Sr. Montoro non o segue ninguén, o Alcalde de Vigo, presidente da FEMP é o que encabeza o liderazgo dos Alcaldes de toda España para cambiar precisamente as normas que estableceu o Partido Popular co Sr. Montoro, esas normas que encorchetar aos Concellos que non permiten exercitar as posibilidades que teñen tódolos concellos de España, polo tanto non nos diga que seguemos o librillo do Sr. Montoro, non ao contrario, o que non queremos é que se nos apliquen as consecuencias legais que derivan do librillo do Sr. Montoro porque iso significa intervención, iso significa que o Ministerio de Facenda nos interviría as contas, os gastos, a nosa propia autonomía financeira e fiscal senón cumprimos con ese librillo, iso é o que non queremos que pase, pero paralelamente se loita para cambiar esas normas postas unilateralmente e postas de forma desorbitada fronte aos Concellos de toda España, polo tanto, somos tamén os que lideramos ese loita, demanda de cambiar as normas impostas polo Sr. Montoro.

Intereses da débeda, evidentemente o que aforramos pagando aos bancos o adicamos ao que necesita a cidadanía, para iso vale a débeda, débeda cero, claro, por iso amortizamos débeda para adicar recursos que destinábase aos bancos á cidadanía dos vigueses.

Con carácter común case á Marea de Vigo e ao Partido Popular porque parece que non se decatan, nunha administración os expedientes, e aquí xa son expedientes electrónicos, marcan a actividade, vaian ao Portal do Contratante e vexan os procedementos en marcha, é aquí onde están os cartos de tódolos vigueses, a onde imos, a onde se tramitan os procedementos de investimentos, de gastos, que se adican a satisfacer as necesidades da cidadanía de Vigo, polo tanto, aquí está o reflexo de a que adicamos os cartos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3(175).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR

PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 17281/541 (REXISTRO PLENO 1446/1101)

Dáse conta do informe do tesoureiro municipal, de data 11.10.2016, que di o que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINHAP.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días."

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de

pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2016.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2016 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

| Situación | Entidade Local | Xerencia M. Urbanismo |
|---|----------------|-----------------------|
| Pagos feitos no trimestre | | |
| <i>Dentro do período legal de pagos</i> | | |
| Nº de pagos | 3.636 | 67 |

| | | |
|--|---------------|------------|
| Importe dos pagos | 29.333.507,79 | 162.392,82 |
| <i>Fora do período legal de pagos</i> | | |
| Nº de pagos | 59 | 0 |
| Importe | 127.718,71 | ,00 |
| PMP (período medio de pago do trimestre) | 25,31 días | 22,81 días |
| Intereses de demora pagados no trimestre | | |
| Nº de pagos | ,00 | ,00 |
| Importe | ,00 | ,00 |
| Pagos pendentes ao remate do trimestre | | |
| <i>Dentro do período legal de pagos</i> | | |
| Nº de pagos | 373 | 21 |
| Importe dos pagos | 3.112.792,84 | 17.464,72 |
| <i>Fora do período legal de pagos</i> | | |
| Nº de pagos | 17 | 1 |
| Importe | 43.719,77 | 249,64 |
| PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre) | 10,46 días | 20,35 |

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de facturas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750. Neste trimestre, hai un gran número de facturas deste subministro, que por erros na súa emisión (aplicación da Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo) foron rexeitadas.

Resumo por trimestres de morosidade

| Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2016 | | | | |
|---|----------------|-----------|------------------------------|-----------|
| Trimestres | Entidade Local | | Xerencia Municipal Urbanismo | |
| | PMP/días | PMPP/días | PMP/días | PMPP/días |
| Primeiro Trimestre | 27,4 | 16,72 | 19,58 | 9,11 |
| Segundo Trimestre | 22,86 | 14,62 | 16,11 | 7,85 |
| Terceiro Trimestre | 25,31 | 10,46 | 22,81 | 20,35 |
| Cuarto Trimestre | | | | |

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

| PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2016 | | | | | | | | | | | | |
|---------------------------------------|---------|----------|-------|-------|-------|-------|-------|--------|----------|---------|----------|----------|
| Institución | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño | Xullo | Agosto | setembro | outubro | Novembro | Decembro |
| Ent. Local | -3,34 | -10,48 | -8,55 | -9,14 | -9,44 | -7,53 | -7,11 | -5,03 | -10,78 | | | |
| MARCO | 29,18 | 32,74 | 48,2 | 51,71 | 21,39 | -2,59 | 23,09 | 33,2 | 32,75 | | | |

| | | | | | | | | | | | | |
|------------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|-------|--------|--|--|--|
| XMU | -14,88 | -11,45 | -21,24 | -15,93 | -16,51 | -16,77 | -13,88 | -9,88 | -12,6 | | | |
| PMP global | -3,35 | -9,99 | -7,85 | -8,23 | -9,25 | -7,56 | -7,03 | -4,84 | -10,36 | | | |

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de 24 de outubro de 2016, quedou enterada do contido do informe.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Nesta ocasión para facer referencia ao cumprimento do prazo de pago a provedores que ten o Concello de Vigo tamén como o cumprimento dunha norma imposta nesas reformas do Goberno do Partido Popular e do Sr. Montoro, pero hai que dicir tamén que estamos aquí non só á cabeza dos Concellos de Galiza senón tamén á cabeza dos concellos de toda España, se o período medio de pago dos concellos de toda España é de 87 días, o Concello de Vigo paga na contorna dos 20 días, polo tanto estamos moi por debaixo desa media nacional.

Tamén por debaixo da media das grandes cidades de España, Vigo é unha das grandes cidades de España, por dereito propio, pero se nos collemos as 15 cidades máis poboadas de toda España, Vigo está por diante de Madrid, de Barcelona, de Valencia, de Sevilla, polo tanto, estamos na cabeza das cidades de toda España, isto non é só un dato, que o é, senón que revela outra cousa que é máis importante, que é a boa xestión financeira deste Concello, estamos por diante de cidades con máis recursos, orzamentos, persoal e polo tanto, xestionamos mellor que outras cidades do contexto do Estado español, insisto por diante de Madrid, Barcelona, Sevilla, Valencia, de Zaragoza.

Se imos a Galicia, Vigo sen ningunha dúbida Vigo é o concello con mellor xestión financeira da nosa comunidade, se collemos datos do último mes de agosto, por

exemplo, vemos que Vigo pagou 5 días antes de que comezase a contar o prazo de cómputo das facturas, Ourense sen embargo pagou 49 días despois que Vigo, Santiago de Compostela fíxoo 35 días despois que Vigo, e A Coruña fíxoo 28 días despois que Vigo, polo tanto, datos que reflicten unha realidade incontestable, datos que reflicten que o Concello de Vigo ten unha excelente xestión financeira en comparación sobre todo co resto dos concellos de Galicia, por certo en Ourense goberna o Partido Popular, en Santiago de Compostela e A Coruña Marea de Vigo, polo tanto, somos referente en cumprimento das normas.

E por que facemos isto? Porque temos precisamente Sra. Muñoz recursos financeiros, temos Tesourería para facer fronte aos pagos que nos comprometemos a facer, por iso establecemos un procedemento que é referente para o resto dos concellos, doutros concellos de España chámannos para saber como somos capaces de cumprir co pago a provedores nun prazo tan adecuado, tan rápido respecto do que establecen as normas establecidas polo seu goberno, polo goberno do Partido Popular e non son datos que sexan unha interpretación deste concelleiro ou deste goberno, son datos que dende que está implantada a facturación electrónica son irrefutables, porque os datos das facturas quedan reflectidos no sistema de facturación electrónica. Aquí temos un prazo no que nos primeiros cinco días, cando chega unha factura aos xefes de área, teñen que tramitala esa factura, a continuación intervén o servizo de contabilidade, durante outros cinco días a Tesourería monta as ordes de pago e nun prazo digamos record, se establecen eses intercambios de información obrigatorios coa Axencia Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social, polo tanto cumprimos eficientemente e eficazmente cos prazos de pago.

De acordo cos datos deste último trimestre, temos bos datos ao peche deste último trimestre, pagamos 10,3 días antes de que comece o cómputo de prazo legal de pago aos provedores e xa lles anticipo que no mes de outubro os prazos de pago se reduciron aínda máis, estamos en -12 días, 12 días antes de que computen eses prazos de pago de facturas para a administración.

En definitiva, cumprimos nun prazo máis que razoable, facilitando a Tesourería ás empresas e aos provedores do Concello de Vigo sobre todo facemos públicos e transparentes estes datos que nos permiten reflectir a boa xestión orzamentaria do Concello de Vigo, con facturas todas en prazo, sen abonar intereses, xuros de mora

as empresas. Polo tanto, cumprimos estritamente coa legalidade e facemos gala desa boa xestión orzamentaria e financeira neste Concello.

SR. PÉREZ CORREA: Nós seguimos dicindo que é un bo dato, dixémolo en todos e cada un dos informes presentados e o dixemos sempre que era un bo dato e un dato como todo dato económico sempre é mellorable, o que tiña que facer este Concello era atender a que ese período se reducira incluso por debaixo do marco legal sobre todo pola situación de moitos provedores de pequenas e medianas empresas que traballan para administración pública e que os pagos moitas veces e a administración pública é a primeira que paga, seguramente nun mercado e nunha situación económica onde segue habendo moitos problemas para pagos entre empresas acreedoras, e polo tanto que a administración pública vaia por diante significa que da liquidez a esas empresas con fronte a un mercado bastante difícil á hora de cobrar facturas.

Agora ben, nos cremos que os datos non son positivos no sentido en que o ano pasado nos movíamos á altura do informe do terceiro trimestre exactamente igual, o período medio de pago estamos a falar non do período medio pendente de pago, pois nos movíamos non 25,21 días no 2015 e 25,31 agora, nese dato o que vemos é unha estacionalidade dese tempo de pago a provedores. É certo que cidades como Santiago de Compostela, como A Coruña o período de pago está moi por enriba, pero que o ano pasado estaba moito máis por enriba, por poñer un caso, A Coruña pasou dos 48 días coa administración herdada do Partido Popular, a 28,3 case un 50% de redución do pagamento, certo que están en niveles maiores pero a nós o que nos interesa entre exercicios ver o esforzo que se fai por reducir os tempos, o período medio de pagamento da administración autonómica está en 11 días, é certo que son administracións diferentes, dato publicado o 30 setembro, período medio de pago en Galicia é de 11,75 días, é certo que non podemos comparar os pagamentos que fai a Xunta de Galicia co que fan os concellos, sobre todo pola escasa capacidade financeira que temos os concellos que moitas veces dependemos dos recursos doutras administracións pero dende logo o Concello de Vigo coa situación financeira que ten podería ter un esforzo de baixar e de non manterse entre o ano 2015 e o ano 2016, practicamente nos mesmos números.

Para nós é importante, dicimos estamos dentro da lei, si, estamos por debaixo da

cota que marca o Ministerio de Facenda, seguro, pero moitas veces se o Concello proactivamente se converte no pagador máis rápido e inmediato das pequenas e medianas empresas pois seguramente conseguiremos que haxa liquidez á hora de abordar os seus negocios particulares que traballan na nosa cidade. Polo tanto, pensamos que esa reducir se ten facer.

Seguimos pensando que hai que facer un esforzo no Marco, xa o dixemos nalgún momento, os períodos de pago co que ten que ver co Marco como entidade, moitas veces suxeita tamén a problemas económicos serios polos atrasos ou polos incumprimentos de pago das administracións que convenian e participan no seu padroado, segue sendo un período medio de pago alto e pensamos que hai que facer un esforzo para evitar que sexa neste caso este museo a través do seu padroado que sistematicamente rompe as boas medias de pagamento.

Polo tanto, pedimos que haxa unha mellora proactiva, certo que non é un incumprimento de lei pero os esforzos que están a facer os Concellos neste país sobre todos os concellos que tiñan períodos de pago desorbitados, algúns deles incluídos xa digo A Coruña ou Madrid están a reducir case no 50% nos períodos medios de pago, é certo, que algúns superaban os 80 días, pero é bo que vaiamos reducindo esa taxa como están a facer concellos da nosa contorna independentemente de que os números efectivamente sexan bos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu quero empezar recoñecendo e dicindo que estamos a ter neste momento aquí este debate e se se están a coñecer os prazos de pago que ten neste momento o Concello de Vigo que incluso, tanto o Sr. Aneiros como o Sr. Pérez, o falan xa de Ourense, de A Coruña, dentro de pouco imos saír das fronteiras de España para comparar o bo que somos cada un de nós, se estamos a ter este debate, unha análise de canto tempo tardan en pagar as administracións públicas é gracias a que un goberno do Partido Popular esixiu por lei que eses datos se publicaran porque era unha vergoña que as administracións públicas non deran o dato de canto tempo tardaba en pagar aos provedores e se agora se fai ese exercicio de transparencia que é fundamental que teñan as administracións públicas, señores/as é gracias a que o Partido Popular estableceu esa obriga porque senón vostedes que son os reis do ocultismo e renegan da transparencia todo o que poden non estarían aquí dando información sobre canto tempo tardan en pagar

esas facturas.

Por certo, agora que fala da plataforma, que consultemos esa plataforma, aproveito para pedirlle ao goberno municipal que deixe aos grupos da oposición que cumpra a lei de transparencia e deixe aos grupos da oposición consultar as bases dos expedientes administrativos porque a día de hoxe aínda seguimos esperando por esa autorización, por iso quero reiterar esa solicitude porque nos parece sinceramente lamentable que a estas alturas non podamos consultar os expedientes deste concello.

Sr. Aneiros, está moi ben que vostede presuma deses datos pero é que xa só fallaría, é que co nivel de execución que acabamos de ver no anterior punto da orde do día, xa só fallaría que non foran capaces do pouco que executan pagalo canto antes mellor, porque lle sigo insistindo, é lamentable o nivel da súa execución, e que cun nivel de execución do 12% do capítulo VI só executaron dous millóns de 24, como non os van pagar pronto se lle sobra os cartos en caixa? Porque puntualmente lles recadan aos vigueses os impostos que teñen que pagar con moito esforzo, como non van pagar? Xa só fallaría, pero insisto, non nos explicou que vai facer con eses 50 millóns que ten de Tesourería que lle sobran de cartos que recadaron pero que aínda non foron capaces de devolvelo aos vigueses en forma de mellores servizos públicos, 50 millóns de euros que vostedes embolsan pero que aínda os vigueses non viron en mellorar os seus ingresos e mire eu non quero un goberno que dilapide os cartos públicos, non, eu quero un goberno que invista ben os cartos públicos, os cartos de tódolos vigueses/as, non quero dilapidar nada o que quero son mellores servizos para os vigueses, quero un goberno municipal que aposte polo emprego, que aposte polos mozos, e non lles insulte téndose gastado nesos datos que acabamos de ver e están aquí claros, como din moitos, 9.000 euros en fomento de emprego para os mozos ata o 30 de setembro, iso é un insulto para tódolos mozos desta cidade, 9.500 euros nos plans de emprego xuvenil, quero un goberno que aposte polos nosos sectores produtivos, que aposte e estea de lado das persoas en situación de necesidade, que cando haxa desafiuzamentos non mire para outro lado e siga vivindo no seu mundo ideal, que non existe, quero un goberno deixe falar aos veciños no Pleno para trasladarlle ao goberno municipal os seus problemas, non que lles impida falar como está a facer neste Pleno aos veciños de Teis e aos afectados pola anulación do Plan Xeral,

eu quero un goberno que non estea 9 meses sen executar e corra moito tres meses, quero un goberno que traballe os 365 días do ano para tódolos vigueses/as, en definitiva quero exactamente o goberno que vostedes non están a dar, porque son un desgobierno municipal, aquí hai moitas necesidades e necesitamos un goberno ocupado e preocupado ao 100% polos intereses de Vigo, os seus datos de execución e os seus datos de pago por moito que nos queira contar outra historia non reflicten iso, e o que ven día a día e viven día a día os vigueses na rúa tampouco, déanse un baño de realidade, saian á rúa e vexan como teñen esta cidade.

SR. ANEIROS PEREIRA: En primeiro lugar voume referir aos comentarios do voceiro do grupo de Marea, efectivamente cumprimos co prazo de pago para dotar de liquidez ás empresas, aos provedores do Concello de Vigo, nunha contorna no que a liquidez precisamente é un problema para moitas empresas, ese é obxectivo fundamental co que nos guiamos neste cumprimento do prazo de pago a provedores, pero o que non lle acepto é que nos diga que os datos non son positivos, precisamente ao contrario os datos con moi positivos, nun contexto, e vostede mesmo dio, no que concellos como A Coruña ou Santiago de Compostela pagan antes tamén hai que ter en conta os demais elementos dese contexto e que están sen orzamentos e que están con orzamentos prorrogados do ano pasado, polo tanto, están practicamente con gasto corrente, se miramos o ratio de pago e o volume das operacións pagadas neste último trimestre temos que Vigo paga 4 veces máis do que pagan Santiago de Compostela e A Coruña, polo tanto será por algo, porque non hai orzamentos, non foron capaces de quitar os orzamentos nesos concellos, aquí si, e polo tanto cumprimos coas nosas obrigas do orzamento corrente do 2016, ese é o motivo.

No tocante a Fundación Marco, os tempos de pago dependen da xustificación da subvención, é dicir, o sistema de pago da Fundación Marco é distinto ao do resto do Concello pero mire vostede os datos da entidade do Concello e da Xerencia Municipal de Urbanismo, últimos datos, Xerencia Municipal de Urbanismo, -12 días, é dicir, paga 12 días antes de que comece o cómputo do prazo, Concello, -10 días, polo tanto, 10 días antes de que comece o cómputo de prazo de pago a provedores. Cumprimos e cumprimos co Orzamento vixente, non cun orzamento

prorrogado do ano anterior, co vixente, polo tanto, con máis capacidade atendendo as necesidades da cidadanía, desta cidade, non como sucede noutros ámbitos.

Respecto á voceira do Partido Popular, eu entendo que teña a necesidade de reivindicarse, está en campaña, nós non, nós estamos no goberno, vostede está en campaña recoñéceo, está campaña porque o seu discurso é dunha candidata que require confeitar apoios, require dicir o que non fai, facer o que non di e todas estas cousas. De goberno que aposte pola política social, teno diante, este Alcalde e os 16 restantes concelleiros somos o goberno que atende ás necesidades da cidadanía, política social como ningún concello de España, política educativa como en ningún concello de España, doulle un dato, política de becas do Ministerio de Educación, menos cartos que este Concello en becas, así que non nos dea leccións de atender á política sociais, á cidadanía porque os impostos que pagamos tódolos vigueses, nós tamén, os adicamos a satisfacer as necesidades da cidadanía, e non nos queira poñer trampas de baixar impostos Sra. Muñoz, para facer recortes, non, nós empregamos os recursos públicos en atender as necesidades da cidade, non como o Partido Popular que os adica a engrosar os petos

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(176).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á ADMINISTRACIÓN CONCESIONARIA COMPETENTE E AOS GOBERNOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA QUE A AP-9 TEÑA CONSIDERACIÓN DE VÍA URBANA DENDE O NÓ DA AV. DE BUENOS AIRES. REXISTRO PLENO 1450/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2016, número 1450/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

“As reiteradas reclamacións e demandas realizadas en relación á entrada e saída da autoestrada AP - 9 na cidade de Vigo, non foron en absoluto satisfeitas, sen que a administración concesionaria, os gobernos central e autonómico, ou a propia empresa adxudicataria deran resposta algunha ao respecto. Así continúan e se aprofundan as deficiencias denunciadas que afectan a cuestións como á falta de mellora nos accesos, a lograr unha insonorización ao respecto dos ruídos do tráfico ou a acadar un aumento da súa permeabilidade, tal que poida converterse nun tramo urbano, incluída a adaptación do nó de enlace na Avenida de Buenos Aires.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar á administración concesionaria competente, aos gobernos da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia, así como a propia empresa concesionaria da AP - 9, a levar a cabo de xeito urxente, as actuacións necesarias para que dita autoestrada teña a consideración de vía urbana dende o nó de Buenos Aires, levando a cabo os accesos necesarios, así como a minorar o impacto acústico e acadar as melloras no relativo aos diversos parámetros de calidade nesta infraestrutura viaria.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade que non é a primeira vez que traemos a este Pleno o falar da AP-9, é unha necesidade real que temos nesta cidade a liberalización deste último tramo da autopista do Atlántico, unha autopista que estes días está sendo noticia pola súa saturación e pola imperiosa necesidade de que no seu último tramo sexa un tramo urbano, non ten ningún sentido que este último tramo da autopista sexa unha autopista limitada para tódolos usuarios.

Unha solicitude que toda a colectividade de Vigo está de acordo veciños/as, empresarios/as, traballadores/as de forma reiterada van pedindo a liberalización deste último tramo da autoestrada e a humanización deste tramo reincorporado nos viais urbanos. Xa o Alcalde o Sr. Abel Caballero, no 17 de marzo deste mesmo

ano lle escribía distintas cartas tanto ao Presidente da Xunta de Galicia, ó Sr. Feijóo, como ó Presidente de España, o Sr. Rajoy. Cartas que foron contestadas algunhas delas pola ministra de Fomento dicindo que o ían estudar, neste caso seguimos estudando todos estes viais dende o Goberno de España pero o que lle pedimos son actuacións reais.

Non é posible que a estas alturas do ano 2016 seamos sen ter esta autoestrada integrada no viario. Non é posible que os transportistas anden circulando cos seus camións polo medio das rúas de Vigo porque este tramo da autoestrada non estea xa reincorporado no viario municipal.

A verdade que o que estamos a propoñer aquí é que partir de Buenos Aires este tramo de autoestrada sexa completamente permeable, conseguir que sexa un tramo real e gratuito, urbano e aberto a tódolos cidadáns ata Alfonso XIII.

O Alcalde anunciou o envío de distintas cartas tanto ao Sr. Feijóo como ao Sr. Rajoy, esperamos que estas cartas que non foron contestadas ou que foron contestadas con que se estaban a estudar que este novo goberno sexa capaz de facelo.

Neste caso tamén lle pedimos ao Partido Popular aquí representado neste Pleno que non nos chega con que diga que si, non nos chega co voto favorable, chegou o tempo dos feitos, non vale con que digan que si neste Pleno e despois digan que non na Xunta de Galicia e no Goberno Central e non executen ningunha destas movidas.

En paralelo, a conversión deste tramo na construción de dúas rotondas en Buenos Aires para que fagan posible non só uso da autoestrada como un tramo urbano senón que esta autoestrada tamén serva como nexo para a unión entre os distintos barrios da cidade, que non só se poida entrar senón que tamén se poida saír na rúa Buenos Aires.

A conversión da AP-9 nun tramo urbano é unha antiga demanda que ata agora non foi atendida polos gobernos do Partido Popular, esperamos que estes novos gobernos sexan capaces de coller o pulo que lle reclama a cidade, que lle reclama os empresarios, porque non é normal e debe ser unha das únicas cidades de España que ten o seu Porto unido e a súa unión sexa unha autopista de peaxe, non sendo así terían que circular pola rúa Buenos Aires, por Sanjurjo Badía, o cal dificultaría non só o tráfico de coches senón tamén o tráfico de persoas, zonas nestes momentos que transitan estudantes dos colexios, dos institutos e que non

se pode permitir nin realizar que se faga desta forma.

O Alcalde de Vigo xa no 2011 enviou unha carta ao Sr. Feijóo, na que reclamaba que se negociase con Fomento a liberalización da peaxe en Buenos Aires e propoñía unha solución con novos enlaces nesta zona da cidade, que o barrio de Teis estivera conectado e dalgunha forma que a Avenida de Ángel Lema Marina se conectara coa cidade de Vigo, pouco despois o Goberno naquel ano 2011 rexeitou esta cesión, dicímoslle agora que xa é o tempo de facer esta iniciativa. Neste Pleno o Partido Popular en distintas ocasións nos dixo que si, nos dixo que crían que este tramo era urbano, pero non dicimos que só sexa urbano, dicimos que actúen e que fagan co Partido Popular onde goberna en Madrid e en Santiago de Compostela fágano unha realidade, non só co voto que si.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo co contido da moción, en primeiro lugar porque isto eu creo que forma parte dun dos grandes éxitos deste Concello que sistematicamente aparece, desaparece, no seu día o Bloque Nacionalista Galego reclamou neste Pleno con resultado diferente, volveuse a introducir no debate dos orzamentos en sucesivos anos no Estado Español e no Parlamento de Galicia, nós estamos de acordo pero as cuestións dos acordos deste Pleno moitas veces xa sabemos onde rematan, por certo gustaríame que este Concello imitara ao Concello de Lugo, gobernado tamén polo Partido Socialista, onde se acaba de crear unha comisión para o seguimento do cumprimento dos acordos do Pleno, digo porque non vai ser este, outra vez, un destes acordos que facemos no Pleno e que queda no limbo dos xustos durante moitos anos, estamos todos de acordo e digo todos de acordo sen saber aínda o que votará o Partido Popular porque o Pleno do Parlamento de Galicia chegou a un acordo, un consenso sobre a cuestión que ten que ver con esta infraestrutura central de Galicia, ese acordo por unanimidade de tódolos grupos incluía o traspaso, a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da AP-9 que iso citando o presidente da Xunta de Galicia, era o que facilitaba logo a cuestión das modificacións do convenio da infraestrutura para poder facer este tramo de vía urbana co que nós estamos radicalmente de acordo, o problema é que este acordo que tivemos no Parlamento de Galicia, esta unanimidade no momento que a trasladamos ao Congreso dos Deputados xa hai o primeiro escollo, e é que o Partido Popular na Mesa paraliza cunha sorte de xogo

xurídico de pedir máis informes, paraliza a transferencia da AP-9 a Galicia argumentando entre outras cousas a Ministra que de onde quitamos os 4.000 millóns de euros para facelo, para á banca se houbo recursos, para pagar determinados rescates, si, pero para rescatar para o público e para a Comunidade Autónoma de Galicia a AP-9, parece ser que a Mesa do Congreso de Deputados entende que non é posible.

Hai xa un movemento proactivo do Parlamento de Galicia o Bloque Nacionalista Galego e Mareas xa se reuniron e creo que tódolos partidos políticos deberíamos ter aí un consenso para pedir esta transferencia, por que? Porque o propio goberno da Xunta de Galicia entende que esa transferencia é a que logo facilita a cometer determinadas modificacións importantes na concesión como é converter un tramo de intensidade de tráfico alto convertelo en vía urbana, polo tanto liberalo de peaxe, nós estamos de acordo e pedimos que os consensos que se van chegando nesta casa pois ao final haxa un seguimento ou polo menos unha reivindicación, mobilización activa para que leven adiante.

Tivemos oportunidades históricas de incluír estas cuestións dentro da actual realidade da concesionaria, no ano 2001 cando se pon enriba da mesa un convenio, daquela gobernaba o Partido Socialista e o Sr. Blanco, aproveitando o convenio que permite a modificación e ampliación de Rande poderíamos ter incluído na obra e no convenio tamén este tramo de vía urbana, tivemos un plan xeral que entraba e que poñía enriba da mesa esas dúas rotondas, a conversión e os accesos dende Buenos Aires xa non temos Plan Xeral, tamén teremos que ter un Plan Xeral que especifique como van ser os accesos, non sei se con convenio entre as administracións pero terá que estar e polo tanto tivemos oportunidades ao longo dos anos para facelo e incluso tivemos acordos plenarios como digo que ían nesa liña.

Polo tanto, nós estando de acordo o que pedimos é prazos, pedimos Orzamentos e pedimos compromisos tanto da administración local no que lle atinxe con respecto ao Planeamento Urbanístico na administración autonómica, no que lle atinxe en torno a reclamar a transferencia da AP-9, e obviamente o Ministerio de Fomento que sería quen ten que pagar esa obra, parece ser que hai un compromiso, parece que ser o Partido Popular durante a campaña electoral, dentro dun dos catorce bloques de programa que presentaron o propio Sr. Feijóo aquí en Vigo, adquiriu ese

compromiso de converter ese tramo en vía urbana e liberalizalo de peaxe.

Por tanto, se hai eses compromisos este Pleno o que ten que facer é aprobar e esixir que se cumpran e que xa nos orzamentos seguintes xa se poña polo menos unha partida orzamentaria para o estudo técnico e que se avalíe o que vai supor de modificar obviamente a concesión administrativa e polo tanto, nós estamos de acordo en facelo, sobre todo porque se imos a sumar en teoría os seis meses que quedan de obra da ampliación de Rande, máis posteriormente as modificacións de obra para converter iso en vía urbana sería bo acotar os tempos e que as dúas actuacións se puideran facer á vez para non volver a ter meses e meses os veciños desa zona sometidos a obra pública deste calibre que ten unha circulación moi forte.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe tráese aquí unha vez máis unha moción para falar da entrada da AP-9 na cidade de Vigo, eu creo que temos que lembrar varios aspectos fundamentais, o que significa esta obra e esta infraestrutura e que é unha das isoclonas máis importantes que hai no noroeste peninsular, estamos a falar de 5 millóns de habitantes que están conectados aproximadamente nunha hora e media nese punto concreto, e creo que iso é importante, e por iso dende o noso partido sempre tratamos de levar a cabo esta petición e ultimamente dunha maneira máis clara e máis concreta co propio presidente da Xunta de Galicia no seu programa electoral contemplaba esta posibilidade de conectar a AP-9 nun tramo urbano coa cidade de Vigo. E por que? Pois por moitos motivos, non só polo vial urbano de Teis que é fundamental, Sr. Regades, eu creo que deixou atrás non sei se intencionadamente ou non, o relacionado con todo a Etea, o túnel de Xulián Estévez, a conexión co Porto de Vigo, eu creo que é fundamental, isto non se pode obviar, como dicía o representante de Marea de Vigo que aquí había un Plan Xeral que contemplaba un vial importante, o túnel de Xulián Estévez que conectaba coa Etea e a Etea conectaba co vial de Guixar, eu creo que isto é importante, por que? Porque isto levaranos tamén a que co transporte metropolitano se poida encaixar na Zona da Etea.

Pero a maiores, neste punto concreto temos tres ou catro actuacións máis, a estación do AVE coa infraestrutura de Tom Mayne e sobre todo tamén todo o relacionado coa estación Intermodal, eu creo que non podemos esquecernos nun

discurso destas características destas tres infraestruturas importantes e a maiores a conexión co Aeroporto que creo que tamén é fundamental, porque o Aeroporto xoga un papel importante como veremos despois noutra moción que se presenta neste Pleno.

Pero a maiores tamén temos o IFEVI, e temos a conexión co segundo cinturón e temos a conexión co hospital, miren vostedes de que tipo de infraestruturas estamos a falar na cidade de Vigo dunha obra de conexión da AP-9 co vial urbano da cidade de Vigo, creo que é fundamental que todo isto se poida levar a cabo, e a maiores no podo obviar tampouco o vial do Morrazo, moita xente que vive no Morrazo e traballa no Vigo ou que vive en Vigo e traballa no Morrazo. Isto unido ao Porto e a Zona Franca pois eu creo que conformar unha infraestrutura necesaria, imprescindible para a cidade de Vigo.

Dende o Partido Popular eu creo que estamos a facer e intentando que esta infraestrutura se leve a cabo no máis rápido posible porque aí está os investimentos feitos no seu día pola Sra. Pastor que eu quero agradecer o traballo que fixo en prol da cidade e sobre todo nos investimentos en Fomento e tamén en reducir a peaxe da autoestrada con Pontevedra, creo que isto unido á ampliación da Ponte de Rande pois empezan a conformar esta infraestrutura importante para a nosa cidade.

Creo que todos deberíamos estar a favor desta infraestrutura, lóxicamente con todos estes condicionantes que leva consigo non só o vial urbano da AP-9 e a conexión coa nosa cidade, que nós dende logo estamos de acordo, eu creo que deberíamos de ampliar a moción e instar tamén á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento e por suposto ao Concello de Vigo para que todas estas infraestruturas que acabo de relatar se contemplen, é dicir, eu creo que é fundamental, primordial e imprescindible para que ese compromiso que temos todos se poida levar a cabo como non podía ser doutra maneira, por iso eu lle pedía ao Sr. Regades que vostedes acepten esta proposta nosa, verbal, haberá que conformala e como ben dicía incluso crear unha comisión para que se poida facer un seguimento de todas estas infraestruturas, no é unha única infraestrutura porque senón nos quedaríamos curtos e quedaríamos unha vez máis coas limitacións de cara ao futuro.

Polo tanto, eu lle pediría que todo iso que lle acabo de relatar que se contemplase

nesta moción, é dicir, non sei se nunha comisión creada no propio concello ou incluso polo propio Pleno relatar todas estas cuestións que acabo de recordarlles e que creo que son importantes para o futuro, dende a Estación Intermodal, Tom Mayne, o vial urbano, túnel Xulián Estévez, transporte metropolitano, o hospital eu creo que está perfectamente definido a proposta dende o noso propio Partido. Polo tanto, lle pediría que se contemplase se é posible esta proposta que nós acabamos de facerlle.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Primeiro contestar un pouco á proposta que facía o grupo de Marea de Vigo, cando fala de que esta infraestrutura necesita para facerse o Plan Xeral, pois está equivocado unha vez máis, esta infraestrutura é unha infraestrutura que encaixa perfectamente nunha infraestrutura supramunicipal, é unha infraestrutura que vertebra non só a cidade de Vigo senón esa gran área metropolitana, incluso Galicia eu creo que está perfectamente explicado e que non é necesario o Plan Xeral, novamente non traen os señores de Marea de Vigo os temas suficientemente traballados a este Pleno para poder facer un debate construtivo. Despois tamén dicía que no ano 2001 o Sr. Blanco non aceptara esta proposta, no ano 2001 presidía o goberno de España o Sr. Aznar, non o Sr. Zapatero, co cal non era ministro do goberno de España naqueles momentos o Sr. Blanco.

O máis importante é o que estábamos falando destas rotondas que se propuxeron por parte do Alcalde de Vigo, o Sr. Caballero facendo cidade tanto á Xunta de Galicia como ao goberno de España, estas dúas rotondas que se sitúan na Zona de Buenos Aires e como dicíamos antes o que pasa que seguramente non me expliquei o suficientemente ben, Sr. Figueroa, pois aquí está a outra rotonda, a rotonda que o Alcalde de Vigo xa lle propuxo ao Goberno de España para solucionar os problemas tamén da Etea e deste barrio de Teis tan importante e tan transitado. Este documento non só o mostramos aquí senón que o teñen enriba da súa mesa porque llo trasladou a través de carta o Alcalde da cidade tanto ao Presidente da Xunta de Galicia como ao Presidente do goberno de España.

Por que solucionar un problema de tráfico en Teis e no Porto? Vostede de obras xa sei que non entende Sr. Fidalgo, eu non sei como non estaba onte en Oporto que facía vostede alí en Balaídos porque dicía que en Balaídos no poderíamos xogar ao

fútbol a verdade é “agureiro do non” e nunca lle sae ben o do non, xa estamos algúns co si, por iso nas propostas que lle facemos para facer esas dúas circunvalacións na zona de Buenos Aires e na zona de Teis mellorará non só o tráfico dos cidadáns de Vigo senón tamén o tráfico portuario e das empresas desta cidade. Porque as empresas, Sr. Fidalgo, non están para facer os lios que fai vostede presionándoos para que voten a uns e a outros, non, debe deixalos a eles que decidan, non debe ter vostede que actuar nesas cousas, o tramo de Autopista dende Buenos Aires ata Alfonso XIII ten que ser un tramo urbano e gratuíto. Non, Sr. Fidalgo, non a verdade é que xa din na cidade, o Sr. Fidalgo o dos líos, nos que pide a liberalización e nós imos a pedir a liberación da peaxe deste treito para mellorar o fluxo de circunvalación nesta zona, esta zona tan necesaria para o desenvolvemento económico de Vigo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.10.2016 (Rex. Nº 1450/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(177).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA GARANTIR QUE DENDE O IMSERSO SE REVERTA A INACEPTABLE DECISIÓN TOMADA AO RESPECTO DOS VOOS DENDE O AEROPORTO DE PEINADOR DO “PROGRAMA DE TURISMO 2016-2017. REXISTRO PLENO 1451/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de novembro de 2016, número 1451/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista,

Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Para a realización do *“Programa de Turismo 2016/2017”* do Imsero, adoptouse a desafortunada decisión de diminuír de xeito moi considerable os voos dende o aeroporto de Peinador. Así son 189 as saídas previstas dende o aeroporto de Santiago e soamente 38 dende Vigo, cando a tempada pasada se achegara ao centenar, as cales alcanzaron un alto nivel de ocupación.

Con tal proceder Vigo e a súa área metropolitana vese agraviada co descenso tan significativo das viaxes propostas, cando acolle a unha poboación moi importante, ao que é necesario engadir as incomodidades e aumentos de custe que suporán os desprazamentos engadidos para moitas das persoas beneficiarias.

Dende este concello xa nos diriximos á Dirección Xeral do Imsero manifestándolle o noso rexeitamento á medida adoptada, xa que prexudica de xeito grave a moitos de nosos veciños e veciñas, pero non se recibiu ningunha resposta ao respecto, o que aumenta a preocupación de que tal decisión se poida repetir en anos sucesivos.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao goberno central a que adopte as medidas necesarias para garantir que dende o IMSERSO se reverta a inaceptable decisión tomada ao respecto dos voos do *“Programa de Turismo 2016/2017”*, e consecuentemente se aumenten de xeito significativo as viaxes dende o aeroporto de Peinador, en contía en todo caso nunca inferior á doutros aeroportos galegos.

DEBATE:

SR. IGLESIAS GONZÁLEZ: O pasado 15 de setembro deste ano comezou a comercialización das viaxes do programa de turismo 2016-2017 do Insero, promovidas polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ata aquí todo correcto, o problema ben cando nos decatamos de que esta vez o número de voos con saída dende o Aeroporto de Vigo é de 38, un número significativamente menor que o do programa 2015-2016 cando saíron dende Peinador case 100 voos, o que traducido en número de prazas estamos a falar que das 28.000 ofertadas na tempada anterior pasamos a 5.000, 23.000 prazas menos que o ano anterior, pero aí non quedou a cousa, se facemos a comparativa co Aeroporto de Santiago de

Compostela a cousa empeora, e é que non falamos dunha diferenca de tres ou catro voos ou de dez ou vinte, non, estamos a falar nada máis e nada menos que de 151 voos de diferenca xa que a oferta dende Lavacolla é de 189 voos fronte aos 38 de Vigo.

A todo isto temos que engadirlle un agravamento mais, porque non contentos con minorar a oferta de voos dende a cidade máis grande de Galicia, unicamente ofertan os traslados ao Aeroporto de Santiago de Compostela dende Pontevedra, o que obriga a os maiores de Vigo a ter que desprazarse ata alí polos seus propios medios, polo que estanse vendo prexudicados economicamente ao ter que empregar recursos propios para os seus desprazamentos ou o que é o mesmo, un xubilado/a desta cidade ten que ou ben coller un autobús ou ben un tren, ou depender dunha terceira persoa para chegar a Pontevedra, unha vez alí métenos nun autobús que os leva a Santiago de Compostela, e xa non falemos da volta, xa que se o voo ou a saída do autobús de Pontevedra se atrasa, cando chegan á capital da provincia xa non poden coller un tren ou un autobús para chegar a Vigo polo que moitos deles vense na obriga de subirse a un taxi e aboar 50 euros, un total despropósito.

Esta redución drástica do número de voos que se efectúan dende Vigo é algo inxustificable se temos en conta, primeiro, que a porcentaxe de ocupación media dos voos ofertados polo Inersa a tempada 2015-2016 dende Vigo, foi dun 90%, e segundo, que durante este último ano o aeroporto da nosa cidade experimentou un crecemento significativo gracias ás accións políticas levadas a cabo por este goberno e que situaron a Peinador coa maior oferta de destino da súa historia, convertendo ao aeroporto con maior crecemento do panorama nacional, polo que a nivel aeroportuario non hai xustificación técnica posible para tal decisión, o que nos leva a pensar que se detrás disto hai algunha intención de compensar ao Aeroporto de Santiago de Compostela tras os magníficos resultados de Peinador.

Pero nesta situación non só se ven afectados as veciñas/os de Vigo, se temos en conta que a área de Vigo conta co maior ámbito de influencia de xubilados/as de Galicia, son miles os usuarios que se ven gravemente prexudicados por esta inexplicable decisión.

Polo que unha vez máis volvemos a ser testemuñas da clara discriminación que sofre a nosa cidade e en concreto o Aeroporto de Vigo con respecto ao resto de

Aeroportos da Comunidade.

Ante este panorama dende este Concello, o 16 de setembro diriximos unha carta a Dirección Xeral do Instituto de Maiores e Servizos Sociais do que depende o programa do Inerser, onde lle manifestamos o noso rexeitamento á medida adoptada xa que prexudica de xeito grave a moitas das nosas veciñas/os e da que a día de hoxe aínda non recibimos ningunha resposta ao respecto, o que aumenta a nosa preocupación de que tal decisión se poida repetir en anos sucesivos.

É por todo isto que propoñemos que se adopte o seguinte acordo, instar ao goberno central a que adopte as medidas necesarias para garantir que dende o Inerser se reverta a inaceptable decisión tomada ao respecto dos vos do programa de turismo 2016-2017 e consecuentemente se aumenten de xeito significativos as viaxes dende ao Aeroporto de Peinador en contía, en todo caso nunca inferior a doutros aeroportos galegos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo coa moción, nós iríamos máis aló porque en moitos concellos, nalgún parlamento autonómico estanse a tomar medidas polo desastre da xestión do Inerser no últimos anos co actual presidente o Sr. Cesar Antón, co problema serio dos concursos públicos que xestionaban estas viaxes máis dun mes e medio de atraso e perdas millonarias que ten ocasionado a xestión dos actuais directores do Inerser, problemas serios que teñen seguramente algo que ver coa redución de voos, pero sobre todo o que teñen que ver con ese concurso público que se fixo para a xestión das viaxes entre grandes UTES, Mundosenior, agrupando entre outros a Iberia, ese contrato que acabou nos tribunais de contratación e tódolos atrasos que nalgunhas comunidades están xerando non só problemas de emprego senón problemas económicos serios, no caso das Baleares un atraso de máis dun mes e medio e significou a perda de moitos postos de traballo e a cancelación de moitas reservas hostaleiras que habitualmente se teñen tódolos anos para este tipo de viaxes. Polo tanto, nós estaríamos de acordo incluso que este Pleno pedira a dimisión inmediata do director actual do Inerser pola xestión nefasta que se fixo este ano e tamén o ano pasado, pero sobre todo este ano con todas estas cuestións.

Por outra banda, o número de voos que teñen que saír de Vigo ou que teñen que saír de Santiago de Compostela, nós dende logo non imos a ser nós os que

digamos cales son sobre todo porque teremos que ter datos aquí da reservas efectuadas pola xente e sobre todo do número de viaxeiros que está a pasar porque ter voos non está garantindo, no caso de Santiago de Compostela, ter voos non está garantindo que ese voos saían e calquera persoa pode consultar as denuncias que está habendo de cancelación de voos no Aeroporto de Santiago de Compostela, voos que finalmente non se producen, ben por avarías ou ben que non se reúne o número suficiente para facer un voo charter, un voo específico e está habendo cancelacións e incluso modificacións de reservas con recargos económicos para os viaxeiros/as que utilizan este servizo de redución das viaxes e polo tanto, como a xestión é nefasta, como está a pasar de maneira global no aeroporto de Bilbao, nos aeroportos sobre todo da cornisa cantábrica, como isto é unha realidade pois dende logo o Aeroporto de Vigo non podería ser menos que parte deste desastre na xestión do programa. Tamén é certo que a poboación maior de Galicia se agrupa dunha maneira en case 400.000 persoas máis que nas provincias do norte, A Coruña, Lugo como aeroporto de referencia ten a A Coruña e Santiago de Compostela, teñen case 400.000 persoas maiores de 65 anos, polo tanto a única cuestión que temos en dúbida é se o número de voos teñen que ser equiparables cando no norte de Galicia hai máis poboación maior que no sur e, supoño que será unha cuestión de estudalo, pero dende logo si que a desproporción entre 189 voos no Aeroporto de Santiago de Compostela e tomando tamén como referencia que hai outro aeroporto en A Coruña e só 38 no caso de Vigo, se que poder haber unha desproporción maior que a desproporción que existe no censo de persoas maiores que dende logo é maior no norte de Galicia.

En todo caso, nós estamos de acordo pero nos gustaría que si houbera unha queixa formal da xestión porque non vai ser só este problema o que imos vivir e seguramente imos vivir os problemas das cancelacións, xudiciais das concesionarias e pensamos aí este Concello tamén debería emitir unha queixa da xestión do Insero no que está sendo toda a xestión do Plan de viaxes deste ano e do ano que ven.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Iglesias e Sr. Pérez Correa, vostedes deberían saber que esta decisión, o punto da saída de onde saen os voos en cada comunidade non o deciden nin os funcionarios da dirección xeral nin o deciden os responsables

políticos, senón que o deciden as axencias maioristas que son os que logo venden os paquetes ás axencias minoristas, isto é a realidade e está recollido no concurso Sr. Alcalde, xa sei que vostede non o leu pero é así.

De pregos Sr. Regades, vostedes se poden encumbrar de como facer pregos neste Concello cando temos a tódalas grandes concesionarias paralizadas. Polo tanto, Sr. Regades non nos dea leccións de como xestionar pregos e contratos nesta cidade porque realmente vostedes non están para iso.

Á dicirlle Sra. Iglesias e Sr. Alcalde, que vostedes seguen teimudos en ver fantasmas onde non os hai e en pensar que hai outras administracións con intencións maléficas que tratan de prexudicar a esta cidade e a postura en relación ao aeroporto que ten o Partido Popular non a van fixar vostedes coas vosas mentiras, senón que a imos fixar nós coas nosas decisións, e nós estamos absolutamente a favor de calquera decisión que signifique mellorar a calidade dos servizos do Aeroporto e convén que lles lembre que os mellores resultados, balances, números en número de pasaxeiros que tivo Peinador os tivo baixo un goberno do Partido Popular, concretamente baixo o goberno da Sra. Porro e do Sr. Figueroa e se quere doulle datos, no ano 2005 saíron de Peinador 1.100.000 pasaxeiros, no ano 2006 saíron de Peinador 1.200.000 pasaxeiros e no ano 2007 tivemos o record histórico do Aeroporto que saíron de Peinador máis de 1.400.000 pasaxeiros, ogallá podamos de novo recuperar ese números pero lémbrolle que foi gracias ao Partido Popular.

E xa que falamos de turismo e do Aeroporto vou ter que lembrarlle que nós lle presentamos aquí unha das primeiras cuestións en este novo mandato que non podíamos seguir continuando cunha conexión terceiro mundista que conectase de forma pública, transporte público, o centro da cidade co Aeroporto de Peinador e o sometemos aquí, unha proposta con 6 paradas, sometémolo aquí a votación e vostedes, Sra. Iglesias, eu non lembro que levantase a man para votar a favor, dixeron que non estaban de acordo con que había que incorporar unha lanzadeira expres que conectase o centro da cidade co Aeroporto, e resulta que dous meses máis tarde aparece o Sr. Caballero dando unha rolda de prensa e dicindo que a idea era súa, eu que quere que lles diga Sr. Alcalde, pero realmente isto fainos gracia e non só a nós senón aos vigueses que leen a hemeroteca e os xornais.

Por outra banda, xa que falamos de turismo, hai tres meses presentamos aquí

tamén unha moción para instarlles a que dunha vez por todas iniciasen os trámites para que as Illas Cíes poidan ser designadas candidatas para o Patrimonio da Humanidade, sometémolo a moción a vostedes dixeron que non, que primeiro habería que esperar a que outras candidaturas galegas iniciasen os trámites e que non podíamos prexudicar a outras candidaturas galegas, resulta que a semana pasada o Sr. Alcalde anunciou por carta vez en tres anos, que se ían iniciar agora si o proxecto para que as illas Cíes poidan ser candidatas a Patrimonio da Humanidade, e preguntámonos todos que diferencia hai entre hai tres meses e agora, non sei se é que agora xa non prexudicamos ás outras candidaturas galegas, eu creo que teñen que darse conta que debe deixarnos de tratarnos como parvos porque non o somos.

En relación á moción que aquí se presenta, por suposto que estamos a favor, agora eu vólvolle repetir que isto é unha cuestión das axencias maiorista e non é unha cuestión dos funcionarios nin dos responsables políticos. En calquera caso nós votaremos a favor e estaremos sempre a favor de todo o que sexa mellorar o Aeroporto.

Por último, se quere falamos de subvencionar voos, nós estamos a favor da subvención de voos, xa sei que lles molesta, agora entenderán que non ten sentido que subvencionemos voos en verán a Mallorca e Ibiza porque o retorno económico que supón o voo de Ibiza a Vigo en agosto, entenderá vostede que non ten sentido, despreocúpense das discotecas e preocúpense da economía e da industria da cidade.

SRA. IGLESIAS GONZÁLEZ: A verdade é que creo que teño que empezar por lembrarlle o motivo da moción porque o concelleiro do Partido Popular só lle faltou falar da vitoria do Celta no día de onte, só lle faltou iso.

Empezando polo compañeiro concelleiro da Marea de Vigo, lembrarlle que o ano pasado dos 100 voos que se puxeron do Insero no Aeroporto de Vigo, ningún deles se cancelou e todos foron cunha media do 90% de ocupación, polo tanto, non entendemos cal é motivo de que deses 100 voos este ano unicamente saían dende Vigo 38, un número ridículo tendo en conta a gran cantidade de xubilados/as desta cidade, non sei porque da tamén datos do norte, porque parece que vos só defendedes o norte da comunidade, nós estamos a falar de Vigo, estamos

defendendo Vigo e non entendemos cal é a causa desa minoración do número de voos.

Sr. Gago, é unha vergoña que veña a falar aquí de que a culpa disto tena as empresas privadas, as empresas privadas foron adxudicatarias dun concurso público e nos pregos dese concurso público teñen que aparecer cales teñen que ser as condicións e as condicións non poden ser que o Aeroporto de Vigo leve 38 voos, é unha vergoña, que veñan aquí a dicirnos que a culpa é da empresa privada, non ten sentido, pois teñen que poñelo nos pregos, teñen que dicir que o Aeroporto de Vigo non pode ter un número inferior de voos co Aeroporto de Santiago de Compostela, teñen que ter alí iso reflectido.

Non ten sentido que o Aeroporto de Vigo teña 23.000 prazas menos que o ano anterior, neste ano 2015-2016, e esperemos que iso non se volva a repetir en anos seguintes.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 2.11.2016 (Rex. Nº 1451/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

6(178).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de setembro e 27 de outubro de 2016.

7(179).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de setembro e 27 de outubro de 2016.

8(180).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 30.09.2016, REFERENTE AO RÉXIME NO DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS CON DEDICACIÓN PARCIAL DE NOVE HORAS DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a ELENA CRUZ GONZÁLEZ SÁNCHEZ. REXISTRO PLENO 1439/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 30 de setembro de 2016, que di o que segue:

“Mediante Resolución da Alcaldía, de data 14.09.2015, determinábase que D^a Elena González Sánchez desempeñara as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas.

Mediante escrito da interesada de data 17.09.2015, entrada no Rexistro Xeral do Pleno na mesma data, nº Rexistro Pleno 1211/1101, manifesta a súa renuncia ao réxime de dedicación parcial de nove horas con efectos a partires do día 17.09.2015.

Con data de 29.09.2016, mediante escrito da voceira do grupo municipal do Partido Popular, entrada Rexistro Pleno nº 1439/1101, comunicando que a concelleira D^a Elena Cruz González Sánchez acollerase a unha dedicación parcial de 9 horas para o desempeño das súas funcións.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución de data 17.09.15 donde no seu apartado 1º aceptaba a renuncia de D^a Elena Cruz González Sánchez á dedicación semanal de

nove horas.

Primeiro.- A concelleira do grupo municipal do Partido Popular D^a Elena González Sánchez desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas a partires do día 1.10.2016.

Segundo.- Notificar a presente Resolución á interesada, á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

9(181).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 10.10.2016, REFERENTE Á RENUNCIA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a TERESA EGERIQUE MOSQUERA, DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DE NOVE HORAS. REXISTRO PLENO 1442/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 10 de outubro de 2016, que di o que segue:

“Mediante Resolución da Alcaldía, de data 14.09.2015, determinábase que D^a Teresa Egerique Mosquera desempeñara as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas.

Mediante escrito da interesada de data 6.10.2016, entrada no Rexistro Xeral do Pleno en data 7.10.2016, nº rexistro 1442/1101, manifesta a súa renuncia ao réxime de dedicación parcial de nove horas con efectos a partires do día 6.10.2016.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia do réxime de dedicación parcial de nove horas da concelleira do grupo municipal do Partido Popular, D^a Teresa Egerique Mosquera,

con efectos a partir do día 6.10.2016.

Segundo.- Notificar a presente Resolución á interesada, á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

10(182).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO A APERTURA DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN SOBRE O AUDITORIO MAR DE VIGO E TÓDOLOS CONTRATOS, CONVENIOS, ACTIVIDADES OU CALQUERA TIPO DE INTERVENCIÓN EXISTENTE NO PRESENTE E PASADO ANO ENTRE O CONCELLO E A EMPRESA PAZO DE CONGRESOS S.A. REXISTRO PLENO 1443/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de setembro de 2016, número 1443/1101, o concelleiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O auditorio Mar de Vigo está a converterse ano tras ano nun verdadeiro problema para esta cidade e para os recursos públicos. Ao acontecido durante a súa edificación, cun proxecto orixinal de de 85,7 millóns (proxecto orixinal aprobado polo Goberno Local en outubro de 2006) que finalmente foi de 154,5 millóns de euros, hai que sumar a adxudicación a unha UTE incapaz de darlle contido e viabilidade ao espazo e unha desidia institucional ante a discutible oferta de actos e eventos posta en marcha polos xestores do espazo.

A recente entrada en concurso de acredores da UTE ven a amosar que unha infraestrutura como esta non pode soamente concebirse como espazo de negocio rendible para a concesionaria, senón que require que toda unha cidade o sinta

como espazo propio e asumible economicamente para poder realizar alí actividades.

En vez de abordar o problema central do auditorio Mar de Vigo, e o modelo de xestión e o papel das administracións públicas na súa viabilidade e utilidade funcional, o Concello de Vigo decidiu soterrar exercicio tras exercicio cartos públicos para “calmar á concesionaria” e evitar demandas da mesma.

En 2012 ampliouse a concesión a 25 anos e desembolsáronse 5 millóns de euros, argumentando a ampliación de prazas de rotación no actual aparcadoiro cando non existiu nunca demanda das mesmas.

Nos últimos exercicios o Concello aporta 500.000 euros directamente á empresa contratada pola concesionaria para xestionar a actividade cultural do auditorio, e actualmente preténdense desembolsar máis de 800.000 euros nun aluguer para as instalacións a UNED en base a un informe inmobiliario que conclúe que “non existe en Vigo outra instalación acorde para este fin”.

En base a todos estes episodios este Concello ten que abrir xa unha comisión especial de investigación que analice a oportunidade de seguir investindo recursos públicos nunha discutible programación cultural que entre outras cousas xustificou a eliminación de proxectos de dinamización xuvenil como “Súbete ao Castro”, que aclare a decisión de empregar un auditorio público como aulas da UNED e a realidade de ese uso nos terreos, así como a clasificación urbanística actual do edificio, que diga quen e como se tomaron determinadas decisións políticas moi cuestionables para a correcta xestión do interese público.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

ACORDO

A apertura dunha Comisión Especial de Investigación sobre o Auditorio Mar de Vigo e todos os contratos, convenios, actividades ou calquera tipo de intervención existente no presente e pasado entre este concello e a empresa Pazo de Congresos S.A., así como calquera vínculo que poida existir, no presente e no pasado, en calquera aspecto, entre todos os actores que forman parte da mesma e o Concello en todas as súas áreas ou seccións.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: O que ven aquí, a proposta que nós traemos non é algo novo porque este Pleno xa viviu unha comisión deste tipo coa intervención e precisamente de varios concelleiros/as sobre o proceso edificador do Auditorio Mar de Vigo, naquela altura sobre o sobre custe brutal das obras, sobre os cambios que

houbo no proxecto e toda a situación histórica que vivimos neste Concello co que ten que ver coa construción e as presas, ou noutras ocasións os atrasos, sobre a creación deste espacio.

Nós sempre pedimos ás comisións de investigación como elementos fiscalizadores, non son elementos culpabilizadores como dicía o concelleiro de Facenda, non estamos votando escurantismo sobre un proceso e o que queremos saber é se imos ter unha parte importante do orzamento municipal e montantes económicos importantes en materias, por exemplo como cultura, máis de medio millón de euros para unha empresa privada concesionada pola empresa concesionaria do auditorio, si imos facer todo iso, pois simplemente que neste Pleno a través dunha comisión fiscalicemos ata o último euro que se produce e se introduce dentro da conta de resultados das empresas privadas, a nós parécenos absolutamente normal e polo tanto, unha comisión como no seu día se fixo para o proceso de edificación do auditorio debería ser agora tamén unha realidade neste Pleno, entre outras cousas porque é a enésima vez que a concesionaria ameaza a este Concello, pon enriba da mesa cunha chulería para nós absolutamente desprezable que aquí ou sona a calculadora ou nós, case que din tiramos da manta. Polo tanto, nós ameazas de concesionarias privadas ao público, as xustas, este Concello debe asumir dalgunha vez a súa responsabilidade nos fitos históricos que ten esta concesión.

Esta concesión é un fracaso histórico, este Auditorio é un fracaso histórico, podémolle dar voltas, podemos deixar pasar lexislaturas, pero volveremos a buscar enxeñería financeira para xustificar o ingreso de recursos económicos á concesionaria, algunhas delas que son auténtico delirio, e imos poñer un caso, vostedes din que é, a través dun informe que unha taxadora privada pon enriba de mesa, o único edificio que hai nesta cidade de máis de 300.000 habitantes funcionais e máis de 128.000 edificios do IBI, que o único sitio onde poder ir aula da Uned é o Auditorio Mar de Vigo, con ese informe se xustifica o pago de máis de 800.000 euros para unhas aulas da Uned absolutamente necesarias, pero que hai un informe dunha taxadora privada que di que o único sitio onde podemos facelo é aí, nós discutimos que 800.000 euros anuais para un espazo de aulas dunha universidade a distancia sexa ese curiosamente o único sitio de Vigo onde se pode colocar, o informe da taxadora que está dentro do expediente, e por enriba se di que hai que axudar á empresa privada que xestiona a programación cultural

despois da quebra da anterior, Ideas de Éxito S. L., non vou poñer en dúbida a solvencia ou non solvencia desa empresa, curiosamente creada cun capital social de 3.000 euros, pero que en todo caso recibe medio millón de euros deste Concello, así, é certo poderá ser legal, para nós discutible, imos darlle medio millón de euros a unha empresa privada, non estamos a falar dun contrato menor, estamos a falar dun supermaior, para que xestione a actividade cultural, e a cambio diso imos eliminar incluso algunhas actividades propias deste concello como o programa de Súbete ao Castro, dixemos, non imos cargarnos este programa onde ían centos de rapaces vigueses e ímoslo substituír porque imos darlle medio millón de euros a unha empresa privada para que xestione a actividade cultural e xuvenil no auditorio Mar de Vigo, actividade cultural e xuvenil cutre, discutible.

Polo tanto, tamén queremos que esa empresa nos poña aquí todas e cada unha das actividades que fixo, o custe das facturas que fixo para ver se ese medio millón de euros ten algún tipo de retorno en actividades culturais, xa sei que din que puxo un expediente de máis de 50 actividades e por iso queremos unha comisión para fiscalizalas, queremos fiscalizar se traer a unha versión x da “patrulla canina” ten retorno económico ou se realmente a metade da programación, por certo cutre incluso para a miña filla de tres anos, que ten dúbidas se iso é a “patrulla canina” ou é unha falsificación.

As cuestións que están traendo, a oferta cultural, os grupos de sempre, iso xustifica medio millóns de euros, posiblemente non, e queremos fiscalizalo a través dunha comisión que é o que pedimos, fiscalizar o aparcadoiro, fiscalizar se realmente os 800.00 euros de alugueiro o valen, entón abramos a comisión e discutamos publicamente.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: É a terceira vez creo nesta lexislatura que falamos deste tema no Pleno e nós auguramos que non vai se a última porque a verdade como ben di o grupo de Marea de Vigo, na súa exposición de motivos, da moción coa petición da comisión de investigación pois é verdade que se cometeron moitos cambios errados dende o proxecto inicial ata o que finalmente foi e dende aí comezaron os problemas e non deixaron de medrar en lugar de rematar. Xa puideron atallalos na anterior lexislatura porque a comisión de investigación xa a fixemos a petición do Partido Popular, xa hai unhas conclusións que din claramente

cales deberían ser os puntos a seguir e as medidas a tomar, unha delas por suposto a de ter unha planificación exacta de actividades que non existe, e son os mesmo problemas que hoxe, ademais curiosamente o goberno municipal que na anterior legislatura era o mesmo que nesta legislatura, non compareceu na comisión de investigación polo tanto, nós apoiaremos esta petición pero sabemos que temos a sospeita de que non vai ter as consecuencias que debería ter unha comisión de investigación neste Concello porque o traballo feito na anterior legislatura foi arduo e si que se quitaron ademais moitas ideas que deberían tomar nota e levar adiante. Sen embargo, a día de hoxe o Auditorio Pazo de Congreso de Vigo non é nin auditorio nin pazo, non ten congresos, deixamos escapar sete congresos importantes que terían si retorno na cidade, que poderían ademais darlle utilidade ao hotel que tivo que cambiar de titularidade porque non tiña os beneficios que se lle prometeron e que estaban estipulados e que a verdade é un saco sen fondo de cartos públicos, nos xa presentamos unha moción nun momento que se fixo un contrato de alugueiro á UNED dicindo que habería posibilidade de atallar ese problema se todos cumprísemos coa nosa obriga de recoñecer ese problema cun problema de cidade e agora neste momento é o Alcalde o que ten que recoñecer que hai un problema aí, ten que pararse e ten que dicir cales teñen que ser as solucións neste punto e que ademais non é un problema menor porque son moitos cartos de tódolos vigueses os que se están metendo aí, xa non digo investindo porque iso non ten ningún retorno positivo para a cidade.

Precisamos un plan de actividades de accións, de ideas que sexan rendibles para o Auditorio e ademais hai que darlle uso, actividades e o dicía agora o representante de Marea,ponse uns parches, di cutres porque é verdade, para xustificar que aí hai actividade pero aí non hai ningunha planificación, non sabemos que está a facer tampouco o “Vigo Convention Bureau” que podería ter tamén aí un traballo específico e podería ser algo máis accesible, dar facilidades e non ser unha xustificación o tema da UNED, falaremos agora diso, porque cremos que a UNED non é máis que unha escusa, perfecta pois para tapar tódolos problemas de eficiencia que son graves do Mar de Vigo. Un letreiro moi bonito, unhas cadeiras moi chamativas de 800.000 euros e ademais un sistema que non funciona porque os propios alumnos queixáronse, o coñecemos en boca deles na prensa, de que non había o equipamento necesario, nin internet, nin teléfono, nin sistema de vídeo

conferencias, nun edificio que ademais non é antigo, un edificio que non ten moitos anos de vida e que é moderno e que as instalacións, insisto xa están erradas dende o principio polas modificacións dos contratos.

Hai unha comisión de investigación feita na lexislatura pasada, hai unhas conclusións que determinan claramente por onde se podería tirar e por onde se podería ir para arranxar ese problema e non fai falla ter 13 millóns xa do erario público, do Concello de Vigo, comprometidos para o alugueiro da UNED, case 1.000.000 euros de obras por parte da Deputación de Pontevedra que nós insistimos en que ademais non serán suficientes porque dentro de dous anos serán obras necesarias por outro tema e haberá que inserir tamén uns cartos públicos que nada teñen de retorno para esta cidade.

Polo tanto, como xa é case a terceira ou a cuarta vez que falamos deste tema, paréceme que hai que tomar nota, imos apoiar, por suposto, a creación desta comisión de investigación pero cremos que as conclusións van ser as mesmas, as mesmas ou máis graves porque con máis gravidade se o goberno municipal tampouco quere, ou ten necesidade de comparecer porque cre que non debe na comisión de investigación, nós insistimos, xa dende a lexislatura pasada ata agora xa hai 13 millóns, insisto, comprometidos nun alugueiro dunha aula que parece ridícula e ademais temos agora un investimento da Deputación, insistimos, non pode ser un saco sen fondo, hai que coller o problema, hai que determinar como se pode facer iso e facer un plan de actividades necesario para esta cidade, para ese contedor cultural que non ten contido cultural e facer algo máis que sexa un obxectivo común e de toda a corporación municipal.

SR. LÓPEZ FONT: A miña capacidade de asombro está totalmente superada.

Sr. Pérez, esta é unha moción que debería ser retirada, xa non digo as palabras da Sra. Egerique como representante do Partido Popular e como culpables absolutamente de todo o ocorrido.

Esta é unha moción cunha falla de rigor tremenda, cunha falla de coñecemento do tema aínda superior pero cunha tendenciosidade certamente preocupante porque non defende os intereses dos cidadáns. Vanmo permitir, esta moción parece unha defensa de intereses contrarios aos cidadáns e a favor desa concesionaria das que vostedes falan en xeral.

Teñen erros tan de bulto como que este Auditorio non custou 154 millóns de euros, iso é o que pretendían algúns, pero custou 85 millóns, está na acta de entrega, pero a maiores se fala dunha subvención de 500.000 euros a unha empresa que non é así, é unha subvención á programación, a actividades, non podemos estar xogando co concepto de que se da cartos ás empresas por moito que se ría a Sra. Muñoz.

Todo o relacionado co Auditorio ten dous claros protagonistas, un totalmente negativo que é o Goberno da Sra. Porro que concesionou por 75 millóns o que logo no plan de execución de obra custaba 151 millóns, esa é a responsabilidade do Partido Popular e ten outro protagonista decisivo, o actual Alcalde, o que conseguiu que un proxecto que estaba totalmente destrozado, barco nas pedras, o quitase adiante e aí está o Auditorio, non hai volta atrás, de ter continuado pola senda que marcou o Partido Popular non habería Auditorio, todos os acordos relacionados coa evolución do auditorio, están nas actas da Xunta de Goberno Local e de Pleno, todo absolutamente legal, non hai nada que investigar Sr. Pérez, o que hai que ler son os acordos das administracións, iso é o que hai que facer, a súa legalidade é absolutamente total, eu xa sei que para vostedes isto das comisións de investigación é unha arma política que teñen moi en boca permanentemente e que queda moi ben de cara a galería pero é moi pouco rigorosa, investígase sobre o descoñecido, non sobre o coñecido e sobre o que é oficial, non se pode investigar sobre o que son acordos legais dunha Xunta de Goberno ou dun Pleno, vostedes propoñen aquí unha comisión de investigación para analizar o que pode ser o Auditorio, non, unha comisión de investigación terá que ser sobre aspectos absolutamente descoñecidos e a pena é que non lle pregunte á Sra. Egerrique de como foi toda a evolución do Auditorio porque para intervir neste Pleno no nome do Partido Popular sobre a desfeita que foi a concesión do Auditorio, hai que votarlle valor, e iso é o único que lle recoñezo á Sra. Egerrique.

Se fala de investigar sería bo que o seu xefe de filas o Sr. Pablo Iglesias investigase rapidamente sobre como se enriquecen algúns coa venda de pisos.

O Auditorio hoxe funciona de marabilla o que pasa é que vostedes non van ao Auditorio, no Auditorio hai unha programación variada, eu non vou a vir aquí coa relación do que se fai, pero si afirmo categoricamente que responde ás necesidades culturais desta cidade máis alá das bromas que poda facer vostedes

en relación coa súa filla.

Aquí o importante en relación co Auditorio é a situación que temos coa sociedade concesionaria e vostede non nos vai vir dar leccións de como se defende a esta cidade, porque eu e algún outro compañeiro meu como o que preside este Pleno neste momento, si defendemos fronte á concesionaria esas ameazas e esa situación de non querer cumprir cos seus compromisos, o que había que traer aquí é unha moción instando á concesionaria á obriga de sanear economicamente a sociedade, porque ninguén lle obrigou a presentarse ao concurso, presentáronse, tiñan unhas obrigas e esas son as que hai que cumprir, e vostedes prefiren falar doutras cuestións da UNED, pero si a UNED é un gran logro para esta cidade, eu estudei na UNED e ogallá houberamos tido esta aula que temos, pero quen fala de que a aula, dicía a Sra. Egerique ridícula, vaia por alí a velo, é un orgullo e un emblema desta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Todos e cada un dos temas que neste país acaban en comisión de investigación de parlamentos e concellos, todos, sempre hai a coletilla inicial “todo isto era legal”, a Gurtel, as operacións xudiciais, as comisións de investigación do espolio das Caixas de Aforros, sempre a coletilla inicial “todo era legal” pero como nós xa sabemos que os informes legais son hoxe legais e mañá xudicializan e imputan a cargos institucionais, pedimos facer cousas proactivas e a proactividade cal é? Vostede di que non é así, que non estamos financiando unha empresa privada, o convenio está asinado por vostedes, o convenio di que o Concello de Vigo, concesiona e fai un convenio cunha empresa privada simplemente polo feito que é a empresa privada a que ten contratada a concesionaria para desenvolver a actividade cultural, e o Concello de Vigo concesiona coa empresa privada que o Auditorio lle di que asine o convenio, e asina medio millóns de euros, sempre tarefa plana tódolos anos para a promoción cultural, queremos en comisión ver esa oferta cultural, que por suposto que non é a oferta cultural que quere esta cidade, espero que o que programa o Auditorio Mar de Vigo non sexa a demanda cultural desta cidade pois senón temos un problema serio e teremos que reforzar a educación en tódolos ámbitos para que a oferta cultural sexa diferente, entre outras cousas porque nin sequera ten este auditorio a capacidade acústica a pesar das reformas que se están intentando facer, para

acometer por exemplo, música clásica con garantías, con orquestras de máis de 100 membros, poder buscar unha programación cultural acorde ás cidades modernas e as que van máis alá das rondallas, que hai máis cultura neste país e nesta cidade e tamén demanda outro tipo de cultura.

Polo tanto, non vaimos por aí porque dende logo podemos discutir e queremos facelo en comisión, queremos saber se ese medio millóns de euros xustifica o investimento que está a facer esta empresa.

Polo tanto, nós non queremos culpabilizar, queremos fiscalizar que é dentro da nosa función o que temos que facer, por suposto que temos dúbidas nas cuestión da UNED, porque hai alternativas e obviamente cando destinas 800.000 euros a un aluguer ao mellor tiña que haber concurso público e ofertas enriba da mesa e non só o Auditorio Mar de Vigo e calquera promotor inmobiliario que teña unha propiedade desas características con eses metros cadrados puidera optar, non so o Auditorio Mar de Vigo senón calquera outra instalación desta cidade.

Polo tanto, esas cuestións son as que teremos que dirimir, as comisións de investigación teñen que ser natureza auténtica xurídica nos concellos porque aquí ao mellor pode vir o xerente desa empresa a explicarnos ou pode intervir o xerente da UTE e non pasa absolutamente nada, non só temos que estar os concelleiros nas comisións de investigación senón ten que estar incluso as persoas que do ámbito privado participan na concesión pública, iso sería bo, dende logo non o imos solventar neste debate.

PRESIDENCIA: Dende aquí queremos manifestar o noso apoio a tódalas expresións culturais, rondallas, Coral Casablanca, etc. antes de proceder á votación.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, David Regades Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señor e señora, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en

contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar Aprobar a Moción presentada, en data 7.09.2016 (Rex. Nº 1443/1101), polo concelleiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(183).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORAR E DESENVOLVER UN PLAN DE TRANSPORTE MUNICIPAL QUE CONTEMPLE AS NECESIDADES DE COMUNICACIÓN DAS PARROQUIAS, PROXECTANDO UN SERVIZO DE LANZADEIRAS DESTAS CO HOSPITAL PÚBLICO ÁLVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1449/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2016, número 1449/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Hospital Álvaro Cunqueiro configúrase como o proxecto sanitario máis importante do Sistema Nacional de Saúde dos últimos anos. Un hospital público con 4.135 empregados públicos que dan servizo a 600.000 habitantes da nosa área metropolitana, facendo das súas instalacións a maior obra pública construída en Galicia no ámbito sanitario.

Neste sentido, cómpre salientar que estamos a falar dun hospital que conta cunha dotación tecnolóxica de vangarda para diagnóstico e tratamento que suma máis de 40 millóns investidos; 24 quirófanos; as UCIs máis punteiras de Galicia; 1.465 camas e o 70% de habitacións individuais; e coa mellor área de urxencias da nosa

Comunidade.

Estamos a falar, polo tanto, dun dos hospitais máis grandes e mellor equipados de Europa, con 280.000 m² de superficie, o que significa multiplicar por 5 o tamaño do antigo Hospital Xeral e todos os seus anexos. Unha infraestrutura luminosa, comfortable e ampla tanto para os pacientes como para o resto de usuarios e profesionais, pola que circulan diariamente 10.000 persoas e que só no seu primeiro ano atendeu a máis de 500.000 pacientes.

Esta realidade, non obstante, choca de fronte co tratamento que ten dispensado e dispensa o actual Goberno municipal a unha das mellores infraestruturas sanitarias do noso país. Se durante a construción do Hospital Público Álvaro Cunqueiro o executivo local non só non colaborou, senón que entorpeceu todos os pasos dados dende o resto de administracións, a realidade e aínda peor unha vez posto en marcha o novo complexo.

Durante os últimos meses este Goberno municipal non foi quen de mellorar ningún dos servizos que del dependen para facilitar o uso deste complexo por parte de todos os cidadáns. Así, as liñas de autobús seguen resultando claramente insuficientes. Non ten ningún tipo de xustificación posible que un ano despois da posta en marcha do Hospital Público Álvaro Cunqueiro este non conte cun servizo real de lanzadeiras que o comunique coas parroquias da nosa cidade. A día de hoxe, un veciño de Teis, de Navia ou de Oia emprega unha hora en chegar ao hospital. Unha situación que se agrava os fines de semana, e que os propios veciños teñen denunciado en multitude de ocasións, tanto en público como en privado.

Así mesmo, o Goberno municipal segue incumprindo o seu compromiso de habilitar un aparcamento público no hospital. Unha promesa feita polo alcalde de Vigo fai mais dun ano, en setembro de 2015, cando aseguraba que este parking estaría en funcionamento na primavera pasada. Estamos case a mediados do outono e aínda non hai visos de que vaian a comezar uns traballos que teñen sufrido múltiples retardos como consecuencia da inacción do executivo local. A mesma inacción amosada cos accesos ao hospital, bloqueados ata fai ben pouco por mor de vehículos mal estacionados sen que o Goberno local fixese nada, pese ao risco que isto entrañaba para a vida e a saúde dos pacientes. E é que o retraso ocasionado na chegada a un hospital pode mesmo ocasionar a perda de vidas humanas.

Neste escenario, toda a argumentación esgrimida polo Goberno municipal para permitir estacionamentos ilegais cinxiuse aos prezos do parking do Hospital Público Álvaro Cunqueiro. E iso pese a que estamos a falar do aparcamento máis barato de todo Vigo.

Por todo o exposto e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao Goberno municipal a elaborar e desenvolver un plan de transporte

municipal que contemple as necesidades de comunicación das parroquias de Vigo, proxectando un servizo de lanzadeiras destas co Hospital Público Álvaro Cunqueiro. Un planeamento que deberá abranguer, tamén, os días festivos e os fines de semana, ao obxecto de garantir de xeito adecuado os desprazamentos dos veciños durante estes días.

2. Instar ao Goberno municipal a iniciar dunha vez os traballos para a materialización do aparcadoiro público comprometido nas proximidades do Hospital Público Álvaro Cunqueiro e dar un prazo realista para a súa posta en funcionamento.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Primeiro teño que necesariamente volver a lamentar a ausencia do Sr. Alcalde cando se van debater as mocións que presenta a oposición, sinceramente é vergoñento como lle da as costas aos problemas que ten a cidade e aos que traen aquí os grupos da oposición, ese desprezo que ten o Sr. Alcalde aos grupos da oposición é desprezo para tódolos vigueses/as, parécenos lamentable.

Imos falar de algo que lle está a preocupar a moitos vigueses a día de hoxe, e é a mobilidade, o acceder ao hospital público Álvaro Cunqueiro, en Vigo constrúese nos últimos anos unha infraestrutura sanitaria, a máis importante de Europa dos últimos anos, unha gran infraestrutura sanitaria que respondía ademais ás necesidades que tiña esta cidade, que necesitaba urxentemente un novo hospital para dar un mellor servizo a tódolos vigueses/as. Conseguese, temos esa gran infraestrutura, unha infraestrutura que multiplica por cinco o antigo hospital xeral, con 280.000 metros cadrados, coa mellor tecnoloxía, con 24 quirófanos, coas mellores UCIS, en definitiva, unha infraestrutura sanitaria que da servizo do século XXI a tódolos vigueses/as, e que se atopan os vigueses cando queren chegar ao hospital público Álvaro Cunqueiro? Atópanse uns servizos municipais do século XIX, porque o Sr. Alcalde non lle importou que foran os vigueses os que pagaran o seu boicot permanente a esa infraestrutura sanitaria, el estaba moi contento coas maquetas e cando viu as realidades que fixo un goberno do Partido Popular decidiu poñerse á contra, caía quen caía, a pesares de quen ía resultar prexudicado. Ten tres piares para o seu boicot permanente e anunciado, o transporte público, o aparcadoiro municipal e o caos de tráfico, un transporte público en primeiro lugar,

absolutamente terceiro mundista, que obriga a moitos veciños de esta cidade que teñen tanto dereito como todos, como os que viven no centro, a tardar unha hora e máis dunha hora en moitos casos para chegar ao Álvaro Cunqueiro, uns veciños, por certo, algúns dos cales, os de Teis, impedíuselle falar hoxe neste Pleno para trasladar as súas preocupacións porque non lles deixaron dicir que están preocupados, que tardan unha hora en ir, como mínimo, unha hora en volver, que teñen que coller como mínimo dous autobuses, que son persoas maiores, que son persoas a veces de mobilidade reducida, enfermas porque van a un hospital, non van a ver un espectáculo musical e que non teñen os servizos que tiñan que ter por parte do seu concello, é lamentable este servizo, é lamentable, xa non te poñas enfermo se é en fin de semana ou se é pola noite porque entón en vez de dúas horas o viaxe se multiplica e se multiplica non tempo, sinceramente inadmisibile, non sabemos onde está ese plan de autobuses que anunciaron a bombo e pratillo, dende logo nin está nin se lle espera, foi un novo papel mollado, un novo anuncio publicitario e a realidade é que máis dun ano despois de abrir o novo hospital aínda estamos con ese transporte terceiro mundista.

Pero onde ademais eu creo que se levan vostedes a palma é no aparcadoiro municipal, unha historia de despropósitos, primeiro negaron que tiveran as parcelas que nós descubrimos que tiñan ocultas a tódolos vigueses/as, despois negaron neste mesmo Pleno o querer facer un aparcadoiro municipal, de súpeto chega o mes de setembro un fatídico día que o Alcalde anuncia a bombo e pratillo que si, que agora si, onde era non agora si que vai facer o aparcadoiro municipal, curiosamente o mesmo día que lle imputa os tribunais de xustiza, e como houbemos anunciado unha cortina de fumo, porque contra as realidades e as mentiras, realidades dun despropósito, anúnciase en setembro o hospital, mándase un papel á Xunta de Galicia, un folio, miúda vergoña, e o trouxemos aquí ao Pleno para aprobar a remisión do expediente á Xunta de Galicia, un folio, requírenlle documentación, non contestan, vólvenlle a requirir documentación de Augas de Galicia, non contestan, e non é ata o 8 xuño, é dicir, oito meses case despois de ter anunciado o hospital cando mandan o expediente e aínda por enriba cando o mandan en xuño ten a desvergoña o Sr. Alcalde de saír no mes de maio é dicir que a Xunta de Galicia a que paraliza o hospital pero se non lle houberan mandado os papeis? Pero de que estamos a falar? Que tomadura de pelo é esta? Que mentira

sobre mentira? As mentiras por moitas veces que se repitan non se converten nunha verdade. Miren señores do goberno municipal xa está ben que utilicen aos veciños de Vigo para as súas guerras políticas, non usen máis a sanidade pública, aos vigueses, déanlle os servizos que necesitan e que merecen e espero que nos contesten claramente e deixen de facer oposición á oposición. Espero sinceramente unha resposta contundente, con datos do que vai facer este goberno municipal.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Parece mentira señores/as do Partido Popular que vostedes insistan en facer propostas relacionadas co hospital Álvaro Cunqueiro, hai que ter ben pouca vergoña, asemella que lles gusta escoitar unha e outra vez as verdades que non son as que vostedes din, por suposto, e como dicía a Sra. Muñoz hai uns intres que as verdades doen pero a vós non lle deben doer moito porque a verdade é que non sei como se atreven vir falar aquí do Álvaro Cunqueiro sabendo que os grupos do Pleno votámoslle en cara unha e outra vez as verdades que vostedes non quen de asumir. Non sei se dixen nalgunha ocasión que se eu fose quen estivese nese grupo por vergoña non estaría disposta a nomear sequera ao Álvaro Cunqueiro.

A Marea de Vigo está en total acordo coa proposta final que vostedes fan nesta moción, claro que pensamos que o Concello debe incrementar as liñas de autobús ao hospital, pensamos tamén que se podería ofrecer algún tipo de transporte nocturno para solucionar os problemas que se presentan a pacientes que non teñen unha boa posición económica que lles permita facer fronte ao pagamento dun taxi tendo que agardar no hospital horas a horas e que algún autobús de pola mañá os poida achegar aos seus domicilios, ben saben vostedes que dende este grupo municipal rexistramos unha moción que vai nese senso.

Por outra banda, a Marea de Vigo tamén apoia a veciñanza de Teis na súa reclamación dun transporte adecuado cara o hospital e pensamos que deberían ser escoitados nesta sesión xa o que solicitaron en tempo e forma, esixímoslle ao grupo de goberno que cumpra o regulamento neste punto, pois é de xustiza que unha asociación veciñal teña a oportunidade de poder expresarse perante os órganos institucionais cando considere que debe facelo, tanto para propoñer medidas que melloren a vida da súa veciñanza como para defender dereitos que consideran que non se lles están sendo respectados, pero o que non podemos

dende a Marea de Vigo é votar a favor dunha moción na que vostedes, o grupo do Partido Popular, falan do hospital Álvaro Cunqueiro como se fose unha marabilla de hospital, cando todos/as sabemos, como xa se dixo neste Pleno nunha chea de ocasións, que é un hospital negocio, que tan só atende aos intereses económicos da empresa concesionaria e dos entes privados que se benefician á custa de enfermidade, non podemos votar a favor dun texto que di é que un hospital con 1.465 camas cando en verdade son 845. Di vostede que o Álvaro Cunqueiro é un hospital que multiplica por 5 o tamaño do antigo Hospital Xeral, o tamaño, e que? Se a meirande parte das instalacións están infrautilizadas, e moitas das estancias están esperando a converterse en negocios privados para o beneficio de amigos/as como o salón de peiteado que xa se instalou alí.

Pensan vostedes que era moi necesario a instalacións dun salón de peitado nas instalacións dun hospital que estamos a pagar todos/as?

Se cadra as persoas que non tiveron ocasión de por sorte ter que acudir ao hospital igual vostedes as enganan con este tipo de cifras, pero as que tiveron a ocasión de estar no novo hospital non poden enganalas, cinco veces o Hospital Xeral, nada menos, pero non din vostedes que máis da metade do Meixoeiro tamén está asumido polo Álvaro Cunqueiro, que teñen o Meixoeiro pechado en máis da metade dos seus servizos, non din tampouco que as urxencias dos hospital Álvaro Cunqueiro están colapsadas case diariamente, non, para vostedes son as mellores de Galicia, pois xa me gustaría saber a min como son o resto das urxencias de Galicia, de verdade, porque eu traballo alí pola tardes e tódalas tardes están colapsadas, onte, antonte o último día que eu traballei alí un señor que viña con 500 de azucre tardaron 4 horas en velo un médico.

Moito presumir de instalacións megalómanas para o persoal non chega a nada, no servizo de urxencias polas tardes hai persoas que pasan agardando ata tres ou catro horas para que as vexa o persoal médico, persoas con problemas de saúde serios e non o poden negar porque xa lle dixen que eu traballo alí e co cal o vexo a diario.

Non imos votar a favor desta moción, tampouco imos votar en contra, pois estamos de acordo con que se presenta melloras sustancias no transporte e é certo que o grupo de goberno debería prestar máis atención a esta eiva facendo os trámites necesario para solucionarlos tanto no que lle compete ao concello directamente

como no que lle competen á Área Metropolitana ou pódose de acordo co resto das administracións que teñen que ver co problema.

Esperamos que isto suceda canto antes, pois despois dun ano e pico xa está ben.

SRA. MARRA DOMÍGUEZ: Esta moción, Sra. Muñoz, parece unha broma e de mal gusto, eu creo que é o máis afastado da realidade, parece que vostede vive noutro mundo, como é posible que a estas alturas saia dicindo isto, nin unha soa verdade dixo nesta moción.

Temos un hospital privado, que figura no balance da UTE da concesionaria, un hospital polo tanto que no está no rexistro de propiedade do SERGAS, decátese Sra. Muñoz é un hospital privado, un hospital que recén inaugurado mostrou graves deficiencias estruturais e de funcionamento, sen laboratorio central, con continuas protestas, de pacientes, profesionais, organizacións sociais e sindicais, un hospital que a uns poucos meses produciu a maior manifestación da sanidade pública na Área de Vigo, 200.000 persoas na rúa manifestándose, reclamando unha sanidade pública e de calidade.

Polo tanto, Sra. Muñoz, vostede vai ser xulgada polos cidadáns por aprobar un informe no que en dúas horas cambiou de público a privado este hospital, polo tanto, decátese Sra. Muñoz, un hospital privado, unha calamidade do Sr. Feijóo.

En segundo lugar, un hospital privado que conta cun aparcadoiro privado, estamos a falar de 3.000 prazas e vostedes señores do Partido Popular converteron nun negocio, un negocio para favorecer ás empresas e para castigar novamente aos cidadáns de Vigo.

Un hospital que ademais non conta con ningunha outra opción para aparcarse fora, a diferenza dos restantes hospitais cos que conta en toda Galicia e cos que se conta tamén na cidade de Vigo e a pregunta que nos facemos aquí é por que vostedes non piden que este aparcadoiro sexa gratuíto e por que seguen castigando aos cidadáns de Vigo, ademais un hospital no que o seu proxecto inicial conta con dúas parcelas situadas no vial de acceso principal, fíxese ben Sra. Muñoz, dúas parcelas tan sinxelo que sería abrir un aparcadoiro que fora gratuíto para os cidadáns con só levantar unha valla sería posible que os cidadáns de Vigo tiveran a disposición, por unha banda, 350 prazas máis 200 prazas adicionais que, reitero, de hoxe para mañá poderían abrirse e darlle aos cidadáns de Vigo as prazas gratuítas que se

merecen neste hospital que é privado.

Ante este negativa da Xunta de Galicia a dar unha resposta aos problemas de aparcadoiro por nosa parte, por parte do Concello de Vigo, xa se tomou a decisión de abrir antes de que finalice o próximo ano, un aparcadoiro que si vai ser gratuíto, un proxecto que xa foi aprobado este venres, que foi dado o visto bo na Xunta de Goberno, cun orzamento que supera o medio millón de euros e que dará servizo de aparcadoiro gratuíto aos cidadáns de Vigo con máis 400 prazas dispoñibles para estes cidadáns, e aí está a diferenza entre vostedes e nós, nós si que traballamos polo benestar dos cidadáns desta cidade e vostede seguen aí castigando aos cidadáns desta cidade.

Se imos falar do transporte público a verdade e que temos un transporte público moi bo e tamén ao hospital e a pesares de tódolos inconvenientes e trabas que nos puxo a Xunta de Galicia, foron numerosos os requirimentos para saber cales eran as necesidades que se lle pediron ao Sergas e aquí temos remitidos distintos documentos, solicitando as necesidades que tiñan en transporte público, nin unha contestación da Xunta de Galicia, polo contrario, nós dende o primeiro momento e polos medios cando soubemos que se ía abrir o primeiro que fixemos foi encargar un plan integral do servizo de transporte público ao novo hospital, con isto o que demos foi resposta ás necesidades de mobilidade destes cidadáns porque si somos conscientes de que o principal problema que teñen é cando chegan ao hospital no teñen ningunha forma de aparcarse, é dicir, non hai ningún aparcadoiro que sexa público para estes cidadáns, para os cidadáns de Vigo.

A raíz de aí vemos esta moción na que eu a verdade o único que vexo é falla de rigor porque nos están a pedir proxectar un servizo novo de lanzadeiras, a nosa proposta vai seguir traballando en mellorar a mobilidade dos cidadáns e para iso levaremos adiante unha remodelación integral de todo o transporte público.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que sinceramente resulta curioso como tanto dende o grupo municipal socialista como dende o da Marea de Vigo en vez de falar dos problemas que teñen os cidadáns o que se adican é a facer oposición da oposición do Partido Popular e eu lles entendo porque realmente, claro cando un non pode falar en primeira persoa pero nós estamos aquí para dar a cara e imos falar do hospital Álvaro Cunqueiro tantas veces como faga falla porque estamos

orgullos de que un goberno do Partido Popular fora o que fixera esta gran infraestrutura para tódolos vigueses/as que xa non se cren as súas mentiras señores do goberno municipal, xa non están asustados, xa non van con medo ao hospital, o que se ten que sentir avergoñado é o que mente á cara aos vigueses, o que lles asusta e lle crea alarma social, o que se ten que sentir avergoñado é o Sr. Alcalde, o Sr. Caballero, que dixo no mes de maio antes, das eleccións municipais curiosamente, que ía morrer xente como consecuencia de que o novo hospital privado de Vigo non ten laboratorio, unha mentira xogar coa alarma social, con tódalas persoas, iso si que é unha vergoña pola que deberían estar pedindo perdón, o Partido Popular para nada, orgulloso do que fixo porque pasou das maquetas á realidade e a día de hoxe os vigueses teñen mellor sanidade pública que antes de abrirse o hospital público Álvaro Cunqueiro, aínda que lles doa esa é a verdade. Pídlles que deixen de mentir aos cidadáns, pídlle que empecen a traballar polos cidadáns, falaremos tódalas veces que fagan falla porque cremos que os vigueses teñen uns servizos deficitarios, efectivamente non teñen un aparcadoiro gratuíto cando chegan ao hospital porque este goberno municipal pasou seis anos mirando para outro lado, o balance do goberno municipal no tema do Álvaro Cunqueiro está a cero, non fixo absolutamente nada do que tiña que ter feito, non lle deu servizos, incumpriu convenios asinados coa Xunta de Galicia, incumpriu a súa palabra reiteradamente e a realidade é que os vigueses están padecendo ese boicot permanentemente, dígalle vostede Sra. Marra á cara aos veciños de Teis, aos que non quixo traer aquí e escoitar os problemas que teñen co Vitrasa e vostede falou máis aquí como director xeral de Vitrasa que como responsable concelleira de transportes, vergoña lle debería de dar defendendo a unha concesionaria e non esixíndolle que poña enriba da mesa un transporte digno para tódolos vigueses/as.

Fagan vostedes algo polos vigueses, dean os servizos que necesita o hospital e traeremos este tema tantas veces como sexan necesarias ata que finalmente cumpran coa súa responsabilidade.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago

Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señor e señora López Barreiro e Pérez Correa, e, dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar Aprobar a Moción presentada, en data 26.10.2016 (Rex. Nº 1449/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(184).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A DECLARAR A PRAZA DE COMPOSTELA E O SEU ENTORNO COMO ZONA PROTEXIDA, DE CARA A POÑER FIN TANTO AS MOLESTIAS QUE PADECEN OS VECIÑOS OS FINS DE SEMANA COMO AO CONTINUO DETERIORO. REXISTRO PLENO 1455/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de novembro de 2016, número 1455/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Praza de Compostela configurase desde fai tempo como un dos conxuntos históricos de referencia da nosa cidade. Un lugar no que ocio, comercios e servizos conxúganse ofrecendo a veciños e visitantes un espazo que é, por dereito propio, o primeiro Xardín Público Urbano de Vigo.

Desde a súa creación a finais do século XIX, este conxunto histórico ten variado notablemente ata a súa configuración actual. Un lugar común que mestura a súa gran fonte central, con xogos de auga e luces, xunto a diferentes esculturas de recoñecidos artistas como Camilo Nogueira e Xosé Luís Medina.

Pese á importancia deste espazo, a Praza de Compostela e o seu entorno padecen de modo crecente as molestias ocasionadas polo botellón, especialmente durante os fins de semana. Unha situación que padecen os veciños da zona, que soportan lanzamentos de pedras, ruídos excesivo, dificultades para acceder aos seus portais, ou a imposibilidade de pasear polas mañás a causa dos vómitos, do orín, das botellas rotas e do lixo que se acumula nas súas zonas verdes.

Este Grupo Municipal do Partido Popular leva tempo denunciando dita situación, sen que o alcalde e o goberno local teñan tomado ningún tipo de medida. Neste sentido, consideramos que a solución pasa por declarar a Praza de Compostela e o seu entorno como Zona Protexida, o que suporía prohibir a “permanencia e concentración de persoas neste espazo consumindo bebida ou realizando actividades cando alteran gravemente a pacífica convivencia cidadá”.

A adopción desta medida xa permitiu finalizar coas molestias que sufrían os veciños noutros lugares de Vigo, como Loriga, Berbés o Teófilo Llorente; e no Casco Vello, en zonas como Teófilo Llorente, a Rúa Real ou o entorno da Concatedral. Todos eles claros exemplos de que para solucionar a problemática bastaría con facer cumprir as ordenanzas de Contaminación Acústica e de Convivencia Cidadá e de Ocio.

Neste marco, cómpre salientar que, para declarar unha Zona Protexida, é suficiente con iniciar o expediente administrativo oportuno, aprobalo na Xunta de Goberno, levalo ao Pleno municipal, abrir un período de alegacións e publicalo no Boletín Oficial da Provincia.

Por todo o exposto e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao Goberno municipal a declarar a Praza de Compostela e o seu entorno como Zona Protexida, de cara a poñer fin tanto as molestias que padecen os veciños os fines de semana como ao continuo deterioro que está a sufrir un dos lugares históricos da nosa cidade.

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: A Alameda é o parque do ensanche en pleno centro de Vigo, é o parque urbano máis pequeno e elegante da cidade, no que se esconde un zoo de pedra con algunhas especies xamais vistas en Galicia, como a hiena esculpida por D. José Luís Medina, ten ademais un xardín botánico no que o aroma das flores de temporada se mistura co olor ancestral de árbores centenarios como os camelios e os magnolios, ao redor da gran fonte central hai tres esculturas do

artista vigués D. Camilo Nogueira, maternidade, paz e despedida e unha estatua de Méndez Núñez, un famoso mariño vigués que liderou a viaxe da fragata Numancia para converterse no primeiro acoirazado en dar a volta ao mundo.

Este é un parágrafo que ven na páxina web da cidade de turismo de Vigo, non sei se a coñecen, estou a falar do que significa a Praza de Compostela e o parque da Alameda agora que estamos a celebrar o 25 aniversario do Sireno, o que está a pasar dende hai uns anos no entorno da Alameda, da praza de Compostela, especialmente durante as noites dos fins de semana, parécenos absolutamente grave porque os residentes na praza de Compostela e arredores sofren un pesadelo que se repite de xoves a domingo porque nesa praza reúnense centos de mozos cada noite provocando ruídos insoportables, os residentes desa zona teñen dereito como todo o mundo a descansar, teñen dereito como todo o mundo a poder entrar nas súas casas sen sortear ouriñes, vasos rotos, vómitos, etc.

A zona, son só a Praza de Compostela senón tamén Montero Ríos as fins de semana convértese nun auténtico inferno, ás catro e media da mañá e cinco da mañá seguen os ruídos, os gritos, en definitiva un auténtico sen vivir, por iso cremos dende o Partido Popular que hai que prohibir o botellón na praza de Compostela e o seu entorno, non queda outra, hai que tomalo en serio Sr. Alcalde, hai que prohibir o botellón.

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio mediante o coñecido botellón, constitúe un fenómeno social de moda que en moitos casos é fonte de diversas problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Estas concentracións de persoas son a causa dunha contaminación múltiple xa que producen ruídos de elevada intensidade, gran número de residuos e ata contaminación visual en lugares históricos.

Estes comportamentos impiden que outras persoas poidan transitar libremente polas rúas e demais espazos públicos gozando das zonas de esparcemento, ademais en ocasións chegan a producirse graves danos en bens públicos ou privados sendo a veces de indubidable valor histórico.

Dende o Partido Popular levamos anos, non meses, reclamando ao goberno municipal que faga algo, medidas de control e de corrección para evitar as consecuencias do botellón en varias zonas do centro de Vigo nas que se está

localizando un repunte desta actividade.

Por iso parécenos máis grave aínda que o Alcalde e o seu equipo de desgobierno non teña feito absolutamente nada para poñerlle freo a este auténtico descontrol.

Este sábado unha nena de 12 anos nas inmediacións do centro comercial Gran Vía tivo que ser trasladada a urxencias por un coma etílico, non fai falla lembrar o que pasou nun pobo da comunidade de Madrid, tamén gobernado polo Partido Socialista no que faleceu unha nena por coma etílico a semana pasada, e hoxe mesmo o xefe da Policía Local tivo que dimitir ou quixo dimitir porque había intentando poñer en marcha un plan antibotellón nesa localidade preta a Madrid, a 22 quilómetros de Madrid, e non lle deixaron os concelleiros socialistas e o Alcalde socialista en maioría absoluta de San Martín de la Vega.

Dende o Partido Popular cremos que urxe poñer fin e medidas a esta lacra, a este problema e cremos que é serio e cremos que é importante e podemos empezar por utilizar a ordenanza que existe para iso e declarar como zona protexida a praza de Compostela e o seu entorno. Imaxino que dende o Partido Socialista poñerán todo o posible para que isto sexa unha realidade no menor prazo posible.

SR. PÉREZ CORREA: Lamento que a cita poética non fora do concelleiro, que fora un refrito da web porque a verdade quitou un pouco de tensión ao Pleno a poesía das flores que eu agradezo de vez en cando, é unha pena que non sexa do propio concelleiro que sexa entendo que dalgún técnico municipal o cal tamén agradezo.

En primeiro lugar, nós queríamos evitar facer o discurso demagogo que historicamente se ven facendo co botellón, porque o que temos conseguido nesta cidade nos últimos anos é ir desprazando masas de mozos en diferentes puntos da cidade pero non o imos resolver unha corporación local exclusivamente pensando en que se trata de ir acoutando zonas porque os mozos/as para mal ou para ben forman parte dunha cultura absolutamente institucionalizada xa, forma parte incluso dunha maneira de entender o ocio xuvenil e coincidirán os concelleiros/as que moito terá que ver as alternativas laborais e outro modelo educativo, outro modelo de valores que non imos resolver seguramente os concelleiros/as.

En todo caso, nós se que estamos de acordo que determinadas actuacións que se fan dende os concellos evitan un dereito absolutamente admisible que é aos veciños/as a ter descanso nocturno, a situación na zona da praza de Compostela é

xa intolerable, é unha poboación envellecida, son xente moi maior, familias de moitos anos, de moitas xeracións vivindo nesa zona e dende logo que se o resultado resolvémolo cunha zona de especial protección que aparte neste caso iría ligado tamén a presenza de elementos arquitectónicos ou patrimoniais, nós estaríamos de acordo dende logo, non se trata dese problema, o problema é como imos resolver cuestións que favorecen a presenza do botellón nesta zona, en primeiro lugar porque tamén os rapaces aprenden dos maiores ou do que facemos, e cando convertemos a vía pública nun espazo de ocio hostaleiro e de consumo de alcohol de modo barra libre, non barra libre de bebidas pero si de barra libre de espazos, pois dende logo os mozos ven que aí poden haber terrazas permanentemente incumprindo a normativa municipal, hai locais que teñen terrazas 365 días e as 24 horas as súas instalacións están alí, o uso incluso o consumo de alcohol, non estamos falando do botellón, estamos a falar de xente maior que vai a eses recintos hostaleiros e acaba desprazándose con copas por todo o entorno de Montero Ríos ou por todo o entorno desa zona se converte nun espazo onde determinados hostaleiros poden facer o que queira coa vía pública, pois dende logo como lle imos a recriminar aos mozos/as que utilizan tamén a vía pública como espazo de consumo de alcohol e polo tanto tamén teremos que actuar sobre determinados usos ilegais, aí non hai nada, a ordenanza é clara, as terrazas permanentes non poden existir e tódalas noites respectando os horarios teñen que levantarse e desaparecer da vía pública, cousa que como calquera persoa que pasee por esta zona verá que non sucede e polo tanto aí teremos que buscar tamén facer valer as ordenanzas, tanto a ordenanza que ten que ver co uso privativo da vía pública por uso e presenza de terrazas como a ordenanza cívica de convivencia cidadá que se fixo no ano 2009 e que efectivamente no Casco Vello conseguiu erradicar o botellón pero a custa de trasladar o problema a outros barrios.

Polo tanto, nós simplemente pedimos e estamos de acordo en que esa zona protexida quede delimitada no ámbito da ordenanza, entre outras cousas porque si é certo, hai elementos arquitectónicos históricos, hai elementos de xardinería que tódolos fins de semana acaban esnaquizados, e dende logo é unha zona especial a protexer pero ten que ir convalidada con actuacións doutro tipo que teñen que ver precisamente, hoxe acabamos de coñecer unha información sobre os ruídos na rúa

pero sería bo que a Policía Local proactivamente estivera sistematicamente acudindo a estes espazos para facer medicións porque as queixas dos veciños, nós estivemos esta fin de semana coa asociación de veciños desta zona e é perfectamente xustificada e debería de ter unha actuación por parte de seguridade, do Concello, moito máis activa.

SR. LÓPEZ FONT: Se non fose polos elementos demagóxicos que introduce o Sr. Fidalgo, eu tamén faría unha cita poética e falaría sobre o ben que está a praza de Compostela, pero como vostede entra na demagogia como sempre, este é un tema moi serio, ao inferno tamén se vai por demagogo e por mentireiro e vostede vai ir ao inferno por crear alarmismo, eu non insulto, simplemente lle estou a dicir que está faltando á verdade e como fala vostede do inferno dígolle de verdade que vai ir ao inferno, co cal teña coidado.

Todo en vostedes resulta absolutamente sorprendente, ata cando recoñecen acertos deste goberno, acertos dun goberno de nove anos e medio porque nesta moción, non sei se á hora de redactala deuse conta de que está a recoñecer que aquela herdanza tremenda que recibiu este goberno de botellón xeneralizado en toda a cidade, resolveuno este goberno, e debo recoñecerlle que fai vostede aquí a relación de todo o que resolvemos, Lóriga, Berbés, Teófilo Llorente, Casco Vello, Rúa Real ou entorno da Catedral, co cal está ben que se detallan as zonas e tal e como vostede mencionaba e como interviña parece que só se bebe nunha zona da cidade.

Sr. Fidalgo, sabe cal é o problema? O problema é a herdanza que vostedes nos deixaron, o problema é que nos deixaron unha cidade chea de botellóns, por que non saca as fotos da Praza da Estrela cando gobernaba a Sra. Porro? Lémbrese vostede da Praza de Estrela? Non ten vostede ningunha foto por aí? Cando o goberno da Sra. Porro non sabía o que eran zonas como as que propón vostede agora, non se lembra? Eu sobre o Sr. Príncipe xa fixe unha vez unhas declaracións e dixen que houbera sido un bo candidato de vostedes, ao mellor igual ou mellor que a Sra. Porro, ou que a Sra. Muñoz.

Sabe cal é o problema? Dícialle o problema da herdanza e lle dicía a solución que tivo este goberno ao problema porque é que ademais cando lle dicía o do alarmismo, Sr. Fidalgo, a Policía Local actúa porque hoxe só veu unha parte da

prensa, a Policía Local tamén actúa sobre ruídos, esqueceulle de ver unha parte da prensa, pero a Policía Local actúa sobre algo moi importante que é sobre a concienciación nos menores e sobre o control de consumo de alcohol dos menores, cuestións que vostedes non teñen en conta e cuestións que vostedes tal e como están baleirando de contido a educación a nivel estatal e autonómico como me apuntaba a miña compañeira a Sra. Abelairas, en canto a educación en valores, tamén deberían facerllo ver e de actuar nese senso. Logo creo que lle fai un fraco favor a esta cidade e ao conxunto social desta cidade con ese alarmismo do que vostede fai gala porque sabe cal é o problema? Que vostede como futurólogo de verdade non ten ningún futuro, e valga a redundancia, porque o garito que ten montado como vidente teno que pechar, segundo vostede non ía haber partidos do Celta en Europa, outras cuestións e eu non sei se vostede onte foi ao fútbol pero o que está claro é que sería bo que saíra vostede esta tarde que dera un paseo por Balaídos e que contemplase o ben que está.

Polo tanto, se nós solucionamos o botellón nesta cidade e vostede o recoñece, non se trata como vostede pretende de que simplemente recoñezamos que se bebe alcohol nunha zona e non noutras, polo tanto asegúrolle Sr. Fidalgo que nós imos solucionar este problema, lle aseguro que estamos a falar dun problema de ruído que trataremos como se debe e estamos abordando esa situación no entorno da Praza de Compostela como o fixemos noutras zonas. Polo tanto, eu lle pediría que fixera un discurso rigoroso, que non fixera un discurso alarmista en absoluto e que non misture cuestións que se produciron noutras cidades que son propias desa demagogia coa que vostedes soen actuar. Polo tanto, e en liña co que di vostede na súa moción e recoñece, tamén o problema da Praza de Compostela resolverémolo, non teñan ningunha dúbida.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, ao menos xa conseguimos algo, que recoñece que hai un problema na Praza de Compostela o que fixeron vostede non foi arranxar o problema do botellón, foi cambialo de sitio, estaba na zona de Lóriga e na de Teófilo Llorente e agora non sei que lle fixeron os residentes de Praza de Compostela e Montero Ríos porque ademais de botellóns a zona está abandonada, teñen alí os fochancas que din que os van arranxar e cada seis meses sae unha noticia pero non acaban de arranxalos e incluso hai unha sentenza firme, ademais aquilo deixa

moito que desexar, a limpeza polas mañás aínda hai restos de cristais, etc. isto tamén ten que ver o tema do botellón coa falla de actividades para a xuventude, de ocio para os mozos, os programas de Noites vivas xa non existen, o Súbete ao Castro tamén está pechado e por iso os mozos se ven obrigados a buscar outras alternativas de ocio que pasa moitas veces por poñerse a beber, máis do 40% das persoas que fan botellón son menores de 18 anos e por iso lle digo se é que teñen que pasar en Vigo unha desgracia como a que pasou a semana en Madrid para que tomen conciencia deste asunto que é un problema fundamental, capital, e o consumo de alcohol na rúa como todo o que pasa na rúa en Vigo, é unha competencia municipal e non só se consume alcohol, consúmese cannabis, pastillas, outras drogas e se vostedes queren poden acabar co problema do botellón, en Santiago de Compostela que é unha cidade universitaria acabouse o problema do botellón e non pasa absolutamente nada.

Ser alcalde non é só para irse de risas e facer fotos, é tamén para enfrontarse aos problemas, e eu sei que este é un problema incómodo Sr. Alcalde, pero se vostede ten determinación con este problema vai contar con toda a colaboración e apoio deste grupo do Partido Popular.

Iso é o que vai encontrar deste grupo político, apoio para acabar co botellón.

Queríamos saber tamén cantas sancións se impuxeron ao amparo desta ordenanza de convivencia cidadá e ocio que no ano 2008, lembramos os debates co Sr. Calviño, ía ser a gran solución, ía ser a panacea, con esta ordenanza se ían acabar os problemas, evidentemente acabáronse os problemas nun sitio que é na rúa Lóriga e Teófilo Llorente pero é que agora os problemas de botellón están en Monteros Ríos, Praza de Compostela e todo o seu redor, por iso cremos que o Alcalde non debe dar as costas aos veciños da Praza de Compostela e debe poñer todo o que poida poñer en marcha esta declaración de zona protexida.

VOTACIÓN E ACORDO: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señor e señora, López Barreiro e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e

señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar Aprobar a Moción presentada, en data 2.11.2016 (Rex. Nº 1455/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13(185).ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO ÁS SOLICITUDES DE INTERVENCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS VECIÑAIS.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pregámoslle ao goberno desta cidade permita intervir á veciñanza neste Pleno cando soliciten, como sabemos que o fixeron os veciños e as veciñas de Teis, igual que outras organización que tamén o teñen solicitado.

PRESIDENCIA: Tomamos nota de acordo co regulamento.

14(186).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO PROXECTO SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO.

SR. GAGO BUGARÍN: Rogamos dende o Partido Popular que se dea a coñecer o

proxecto social deste Concello para a cidade de Vigo.

PRESIDENCIA: Cando queira presenta unha moción sobre isto.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15(187).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO Á APERTURA DA SALA DE LECTURA DE NAVIA.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: Creo que é unha pregunta xa a fago por terceira vez que a fago, é pola biblioteca de Navia, cando pensan abri-la? A sala de lectura ou biblioteca.

PRESIDENCIA: A miña maior preocupación é por que a Xunta de Galicia non ten unha biblioteca en Vigo, miña maior preocupación é que a Xunta de Galicia non teña unha biblioteca nesta cidade. As outras grandes cidades de Galicia teñen unha biblioteca, a Xunta de Galicia non ten unha biblioteca en Vigo, gustaríame que a Xunta de Galicia explique por que non quere ter unha biblioteca en Vigo.

En segundo lugar hai unha biblioteca municipal feita por este goberno cun funcionamento extraordinario en zona de Lavadores, Emilio Martínez Garrido e vai haber unha biblioteca en Navia, hai unha biblioteca practicamente neste momento con 500 mesas en Mar de Vigo á que o Partido Popular se opuxo de forma de forma permanente. Estamos a piques de abrir unha biblioteca en Bouzas, na Casa Patín que o Partido Popular nunca fixo e podería darlle unha larga lista de acción nesa dirección pero creo é que mellor que presente unha moción porque xa se ve que non quere falar de bibliotecas en Vigo porque vostedes non cumpren.

16(188).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO

MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO NÚMERO DE DENUNCIAS TRAMITADAS POLA POLICÍA POR INCUMPRIMENTO DA ORDENANZA SOBRE TERRAZAS.

SR. PÉREZ CORREA: Queríamos saber cantas denuncias tramitou a Policía Local por incumprimento da ordenanza sobre terrazas e cantas destas remataron en sanción e se nos remita un informe desas cantidades.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito á pregunta.

PRESIDENCIA: Non habendo máis cuestións levántase sesión, moitas gracias concelleiras/as.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.